

**MAREA  
ATLÁNTICA**

**PROGRAMA  
DE GOBERNO  
2023-2027**

# ÍNDICE

<b>SAÚDE DE XAN XOVE</b> .....	<b>3</b>
<b>AS 12 MEDIDAS MÁIS IMPORTANTES PARA O VINDEIRO MANDATO</b> .....	<b>4</b>
<b>POLO DEREITO Á VIVENDA DIGNA</b> .....	<b>6</b>
1.1. Vivenda asequible e de calidade.....	7
<b>1.1.1. Rehabilitación</b> .....	<b>8</b>
1.2. Innovación para a xustiza social .....	9
1.3. Cidade coidadora.....	10
1.4. Saúde física e mental .....	11
1.5. Futuro sen barreiras.....	12
1.6. Cidadanía do mundo: dereito ao refuxio e cooperación ao desenvolvemento.....	13
<b>A CORUÑA FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA</b> .....	<b>14</b>
2.1. Clima e cambio de paradigma .....	15
2.2. Decidir sobre a nosa enerxía .....	15
2.3. Natureza urbana .....	16
2.4. Mobilidade na cidade metropolitana.....	17
2.5. Unha relación diferente cos residuos.....	18
2.6. Auga, fonte de vida.....	19
2.7. Alimentación .....	20
<b>FEMINISMOS: DEREITOS PARA TODAS, TODOS OS DÍAS</b> .....	<b>22</b>
3.1. Coas gafas violetas: igualdade e perspectiva de xénero .....	23
3.2. Diversidade sexual e identidade de xénero.....	23
3.3. O Concello contra as violencias machistas.....	24
<b>A CORUÑA DA XENTE PARA A XENTE</b> .....	<b>26</b>
4.1. Urbanismo para o século XXI .....	27
4.2. A Coruña aberta ao mar .....	28
4.3. Cidadanía que participa, Concello que escoita ..	29
4.4. Administración próxima e transparente .....	30
4.5. Seguridade e convivencia .....	31
4.6. Democracia onte e hoxe: memoria .....	32
<b>CIDADE DE OPORTUNIDADES</b> .....	<b>34</b>
5.1. A Coruña global .....	35
5.2. Área Metropolitana .....	35
5.3. Un novo modelo económico e laboral .....	36
5.4. Comercio e mercados.....	37
5.5. Turismo.....	39
5.6. Hostalería .....	39
5.7. Revolución dixital.....	40
<b>A CORUÑA VIVA</b> .....	<b>42</b>
6.1. Cultura.....	43
6.2. Deporte.....	45
6.3. Educación e aprendizaxe permanente.....	47
6.4. Universidade, innovación, ciencia e coñecemento .....	49
6.5. Infancia.....	50
6.6. Mocidade.....	50
6.7. Envellecemento activo.....	51
6.8. Activismos e entidades.....	52
6.9. Benestar animal e tenza responsable .....	52
<b>BARRIOS QUE FAN CIDADE</b> .....	<b>54</b>
7.1. Necesidades comúns.....	55
7.2. Propostas destacadas por barrios.....	56
<b>BARRIOS DA PARROQUIA DA CORUÑA</b> .....	<b>57</b>
Cidade Vella .....	57
Monte Alto-Zalaeta .....	58
Durmideiras .....	58
Pescaría.....	59
Ensanche-Falperra .....	59
Os Mallos-A Sardiñeira-Catro Camiños.....	60
<b>BARRIOS DA PARROQUIA DE ELVIÑA</b> .....	<b>60</b>
San Vicenzo de Elviña .....	60
Novo Mesoiro.....	60
Feáns.....	61
Matogrande .....	61
Palavea-Santa Xema-Pedralonga .....	61
A Zapateira .....	62
<b>BARRIOS DA PARROQUIA DE OZA</b> .....	<b>63</b>
O Castrillón.....	63
Eirís .....	63
As Xubias.....	64
Oza-A Gaiteira-Os Castros.....	64
Monelos-Elviña Segunda Fase .....	64
Barrio das Flores .....	65
Xuxán .....	65
<b>BARRIOS DA PARROQUIA DAS VIÑAS</b> .....	<b>66</b>
O Birloque-O Martinete-San Cristovo das Viñas.....	66
A Silva-Cances-A Moura-Penamoia.....	66
Someso .....	66
Vioño-Sagrada Familia.....	67
<b>BARRIOS DA PARROQUIA DE VISMA</b> .....	<b>67</b>
San Pedro de Visma-Os Mariñeiros.....	67
Agra do Orzán-Ventorrillo .....	68
Cidade Xardín-Riazor .....	69
Labañou-Cidade Escolar-San Roque de Fóra .....	69
Os Rosais.....	69
Nostián-Agrela-Bens-O Portiño.....	70

# SAÚDO DE XAN XOVE



Prezada veciña, prezado veciño:

Todos os partidos teñen un programa electoral, que a maior parte das veces esquecen sen dar explicacións. Na Marea Atlántica non só cumprimos, senón que temos algo máis: un modelo de cidade. Un horizonte ao que dedicarlle a próxima década. Ambicioso, realista, singular. Á altura da cabeceira dunha área metropolitana de máis de 400.000 habitantes e dos retos do mundo urbano de hoxe. A cidade xusta, verde, feminista e democrática que empezamos a construír en 2015 co alcalde Xulio Ferreiro e que imos retomar cando regresemos ao goberno da Coruña, despois do 28 de maio.

O programa está feito por moitas persoas: todas as que nos fixeron chegar as súas propostas e reflexións ao longo destes catro anos, e particularmente nos últimos meses. Propostas que apuntamos nos encontros coas entidades que traballan na Coruña, nas xuntanzas con especialistas, nas visitas aos barrios, nas actividades de divulgación e debate sobre asuntos de actualidade. Este documento culmina moitos meses reflexionando con vós sobre A Coruña que queremos para a vindeira década.

Votar é escoller como che gustaría vivir e moverte no día a día. Onde cres que debería empezar e acabar a cidade. Que imos facer para liderar, dende aquí, unha alternativa á emerxencia climática. Como repartir a riqueza que producen o noso traballo e as nosas ideas. Como imaxinamos A Coruña e que imos facer para construíla.

A Coruña pódeo todo, pero hai que escoller. Podemos baixar os alugueiros, rehabilitar pisos baleiros e construír vivenda pública, ou deixar que sexan os promotores inmobiliarios quen decidan onde imos ter casa e onde non. Fundar unha empresa pública de transporte ou depender vinte anos máis dunha compañía peor que a anterior para ir ao hospital, á facultade ou ao traballo. Producir a nosa propia enerxía verde e crear emprego e oportunidades de innovación na transición ecolóxica ou seguir hipotecando ás vindeiras xeracións. Darlle poder aos barrios ou regresar ao modelo que os esqueceu. Un porto aberto ou outro coto privado á beira do mar. Nunca dá igual. Sempre hai que escoller. As cidades escóllense.

Eu xa tomei unha decisión. Escollo A Coruña. Quero ser alcalde e arremangarme, á fronte dun goberno progresista, para traballar os próximos catro anos por unha cidade xusta, verde, feminista e democrática. Coñezo ben a miña cidade e quero continuar o que Xulio Ferreiro empezou.

O 28 de maio, escolle A Coruña.

Xan Xove

Candidato da Marea Atlántica á Alcaldía da Coruña

# AS 12 MEDIDAS MÁIS IMPORTANTES PARA O VINDEIRO MANDATO

- 1.** Facer do dereito á vivenda a máxima prioridade, despregando todas as ferramentas das que dispón o Concello para que A Coruña ofrezca alugueiro asequible a todas as persoas que o precisen, e nomeadamente á xente moza.
- 2.** Aproveitar o remate da concesión da Compañía de Tranvías para crear unha empresa municipal de transporte que lidere o cambio cara a unha mobilidade eficiente, confiable, que conecte os barrios, intermodal, ecolóxica e con perspectiva metropolitana.
- 3.** Crear un servizo de saúde mental de proximidade, que ofrezca atención desde os barrios nos centros cívicos para adolescentes, xente moza e as súas familias, e inclúa tamén prevención do acoso escolar e do suicidio xuvenil.
- 4.** Habilitar bonos de compra para os mercados e o pequeno comercio de alimentación dos barrios, para axudar a combater a alza dos prezos a aqueles fogares que non conseguen chegar a fin de mes.
- 5.** Recuperar o plan intensivo de mantemento e coidado dos barrios A Pé de Barrio, para atender as demandas de limpeza, recollida de lixo, reparación de mobiliario, pavimentos e conservación das zonas verdes.
- 6.** Impulsar proxectos piloto de redución do tempo de traballo, para abrir o debate sobre a semana laboral de catro días no sector público e no privado. O avance da tecnoloxía e a maior eficiencia dos procesos debe conducir a poder vivir mellor.

**7.** Producir enerxía verde en instalacións municipais e converter a transición ecolóxica nunha oportunidade para o emprego nos eidos da instalación de enerxías renovables, a rehabilitación de vivenda, a rexeneración urbana, a eficiencia enerxética, a infraestrutura verde ou a economía dos residuos.

**8.** Avanzar na cidade sen barreiras físicas nin teitos de cristal, reforzando as políticas de accesibilidade horizontal e vertical, a ampliación de beirarrúas ou a instalación de ascensores en vivendas.


**9.** Apostar por menos discursos e máis recursos e destinar a políticas de igualdade de xénero o 1% do orzamento total do Concello.

**10.** Traballar coa Autoridade Portuaria dende o goberno municipal para democratizar os usos dos peiraos, negociar con Puertos del Estado a condonación da débeda do porto e liderar dende o sector público a transformación do bordo litoral.

**11.** Elaborar un novo PXOM para dotarnos dun urbanismo deste século ao servizo da cidadanía e resolver os grandes problemas herdados dos anos noventa no Parque do Observatorio, a Maestranza, San Pedro de Visma, Percebeiras, Ría do Burgo ou a Torre de Hércules.

**12.** Recuperar a radicalidade democrática a través dos rendementos de contas do goberno, e diversificar as vías de participación cidadá cos Orzamentos Participativos e as Propostas de Cidade.

# POLO DEREITO Á VIVENDA DIGNA



# 1.1. VIVENDA ASEQUIBLE E DE CALIDADE

1. Aplicar a nova Lei estatal de Vivenda, e a tal efecto:
  - A. Instar á Xunta de Galicia á declaración da cidade de A Coruña como zona de mercado residencial tensionado, para baixar o prezo do alugueiro.
  - B. Incorporar ás determinacións do planeamento a esixencia de destinar a alugueiro social o 50% da reserva de vivenda protexida, así como establecer nas parcelas de equipamento o uso compatible de vivenda dotacional pública.
  - C. Non monetarización do aproveitamento de cesión municipal, debendo destinarse o patrimonio municipal do solo á promoción de vivenda pública con destino a alugueiro social.
  - D. Incremento do parque de vivenda pública do Concello, esixindo da SAREB (Sociedade de xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria) e SEPES (Entidade Pública Empresarial de Solo) a cesión dos seus parques de vivendas e solo residencial.
  - E. Incorporación ao PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) do uso de cohousing e vivendas colaborativas.
  - F. Incremento do recargo do IBI á vivenda baleira.
2. Ampliar a bolsa municipal de vivendas de alugueiro asequible na que o Concello exerce de mediador e garante dos dereitos das persoas inquilinas e propietarias, para chegar a máis colectivos sociais, reforzando a Empresa Municipal de Vivenda (EMVSA).
3. Suspensión no procedemento de títulos habilitantes municipais para vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos, mentres non se incorpore ao PXOM o seu réxime de uso e o límite á implantación por zonas (respecto da densidade e ocupación de plantas nos edificios). Inspección e control, con esixencia de título habilitante municipal de actividade.
4. Mobilizar solo municipal para dotar a cidade de 250 vivendas de aluguer asequible en Xuxán: as 50 vivendas xa comprometidas polo goberno de Xulio Ferreiro, e 200 máis nas catro parcelas do Concello, mediante a promoción pública e a cesión de dereito de superficie a cooperativas e outras entidades sen ánimo de lucro.
5. Creación do Observatorio do Dereito á Vivenda, no que estean presentes asociacións de inquilinas, axentes da propiedade inmobiliaria, colexios profesionais e Universidade, onde consensuar o futuro Plan de Vivenda A Coruña 2030.
6. Exercer o dereito de tanteo e retracto do Concello sobre as vivendas de protección oficial construídas en Tabacos para incorporalas ao parque público municipal de vivenda.
7. Creación dun servizo público municipal de mediación inmobiliaria para o control e a sanción de casos de abuso ou discriminación no aluguer da vivenda e para garantir condicións dignas.

8. Convenio de planeamento e xestión urbanística coa Xunta para destinar en Xuxán parcelas de uso terciario (propiedade do Instituto Galego de Vivenda

e Solo da Xunta) a uso residencial de parque público en réxime de alugueiro social.

### 1.1.1. REHABILITACIÓN

1. Desenvolvemento de Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) na cidade, concretamente nos Mallos e na Agra do Orzán.
2. Plan Revive: incremento das partidas orzamentarias para rehabilitación e accesibilidade, aumentando a porcentaxe subvencionable para cada vivenda e excluindo de recibir axuda as rehabilitacións que non teñan destino a residencia habitual e primando aquelas con destino a alugueiro social ou que se incorporen á bolsa da empresa municipal.
3. Reforzar e axilizar as axudas para a instalación de ascensores, reforzar a oficina de asesoramento á veciñanza en materia de accesibilidade e rehabilitación e establecer mecanismos de mediación nas comunidades veciñais onde non haxa acordo para a instalación.
4. Creación dunha oficina específica de rehabilitación para o ámbito PEPRI (Plan Especial de Protección e Refor-
5. Modificar a normativa sobre pavimentos da rede viaria e incorporar ao catálogo do PEPRI o sistema construtivo e a morfoloxía dos elementos do lousado histórico das rúas da Cidade Vella, únicas na urbe pola súa configuración e valor de cada peza de lousa granítica que as compoñen.
6. Modificación da Ordenanza de Rehabilitación para activar programas de mobilización forzosa de edificacións en ruína e soares baleiros. Constitución do Rexistro de Soares.
7. Rehabilitación de inmobles en execución subsidiaria por parte do Concello a cambio da cesión de uso para alugueiro social.
8. (Solo da Xunta) a uso residencial de parque público en réxime de alugueiro social.



## 1.2. INNOVACIÓN PARA A XUSTIZA SOCIAL

1. Aumento do orzamento para políticas sociais nun 20% ao longo do mandato.
2. Proxecto piloto de Renda Básica na cidade para fomentar a súa implantación a nivel global.
3. Modificar as ordenanzas reguladoras da Renda Social Municipal e das Axudas de Emerxencia Social para ampliar a súa cobertura, reducir os prazos de concesión e compatibilizar co Ingreso Mínimo Vital.
4. Creación dun Banco Municipal de Alimentos.
5. Reforzo de persoal e recursos nos servizos sociais comunitarios básicos para reducir listas e tempos de agarda.
6. Facilitar o proceso de empadramento a todas as veciñas da Coruña.
7. Revisión dos convenios coas entidades sociais para adaptalos á situación económica que estamos a vivir.
8. Establecer un plan integral de loita contra a pobreza que fomenta a inclusión residencial, social e laboral das persoas en situación de vulnerabilidade.
9. Apostar polo modelo Housing First e Housing Led para garantir o dereito á vivenda das persoas en situación de senfogarismo e abrir dous locais de baixa esixencia para persoas sen fogar.
10. Mapa de recursos e servizos de xustiza social que clarifique e facilite o acceso ás prestacións, programas e actividades desta área.
11. Simplificar os procesos administrativos para acceder a prestacións económicas.
12. Crear un módulo de inclusión e facilitar ferramentas que axuden no labor do profesorado con estudantes en situación de vulnerabilidade, e tamén para dar recursos ao propio alumnado e as súas familias.
13. Incorporar o perfil das familias monomarentais e monoparentais aos baremos da concesión de axudas e de vivenda para abordar as especiais dificultades económicas deste colectivo.
14. Crear un bono de compra no pequeno comercio de alimentación para facer fronte á inflación, seguindo criterios de renda.
15. Acordar o anexo de convenios nominativos no último trimestre de cada ano para que sexa efectivo a comezos do ano seguinte.
16. Reforzar as bolsas comedor e incluír menores en situación administrativa irregular. Supervisar que as comidas financiadas mediante o programa de bolsas comedor sexan de calidade e saudables.
17. Creación dunha prestación económica para as crianzas en situación de vulnerabilidade.
18. Promover a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e as entidades bancarias coas que traballa, co fin de evitar a discriminación de per-

soas nunha situación de vulnerabilidade social.

19. Facilitar o acceso a internet a todas as persoas, co fin de abordar a fenda dixital.

20. Recoñecemento institucional da comunidade xitana e promoción da súa participación.

## 1.3. CIDADE COIDADORA

1. Crear unha empresa municipal de cuidados que se encargue de prestar o Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes e o Servizo Municipal de Canguraxe, así coma outros en resposta ás necesidades da veciñanza, sempre atendendo á creación de emprego local e de calidade.
2. Reforzo de persoal e recursos para eliminar as listas de agarda no Servizo de Axuda no Fogar.
3. Retomar o programa Redeiras para crear unha rede de cuidados de persoas maiores. Creación dun programa de actividades interxeracionais co obxectivo de previr a soidade non deseñada.
4. Posta en marcha dun servizo de lavandería municipal a domicilio.
5. Creación dun equipamento piloto que inclúa centro de día e escola infantil.
6. Impulsar o programa Tempo para Ti de apoio ás familias que coidan de nenas e nenos con diversidade funcional ou de persoas dependentes.
7. Crear unha Escola de Cuidados, para persoas coidadoras, profesionais ou non, proporcionándolles ferramentas para o seu benestar.
8. Apoiar dende o Concello a profesionalización dos servizos de axuda a domicilio e traballo no fogar, con formación especializada en horarios adaptados. Ademais de crear a empresa municipal de cuidados, tamén fomentaremos as cooperativas de traballadoras do fogar e dos cuidados para atender a gran demanda actual deste servizo. Instar a Xunta de Galicia para que amplíe a avaliación e acreditación de competencia profesional destes servizos.
9. Reforzar o servizo de canguraxe con máis orzamento para facilitar a conciliación, estendéndoo tamén a equipamentos culturais.
10. Poñer a disposición das familias monomarentais e monoparentais o servizo de canguraxe para o cuidado de nenas e nenos cando están enfermas, non podan asistir á clase e non teñan quen as coide.
11. Ampliar as actividades para crianzas e persoas adultas nos Centros Cívicos.

12. Fomentar a construción de residencias públicas en colaboración coa Xunta de

Galicia e poñendo á persoa no centro, para mudar o actual modelo de xestión.

## 1.4. SAÚDE FÍSICA E MENTAL

1. Servizo de saúde mental para adolescentes, xente moza e as súas familias, con medidas de sensibilización, divulgación e recursos de escoita e atención rápida. Incluirá tamén prevención do acoso escolar e o suicidio xuvenil.
2. Reactivar o Consello Local de Saúde, co obxectivo de fomentar o traballo en rede entre as entidades sociosanitarias da cidade.
3. Introducción da atención psicolóxica nos Equipos de Atención Social dos Centros Cívicos.
4. Estratexia de divulgación para aumentar o coñecemento da endometriose. Instar a que o SERGAS, a Concellería de Sanidade e o Ministerio de Sanidade melloren a divulgación e a calidade asistencial da endometriose.
5. Continuar cos trámites iniciados no 2017 para que A Coruña forme parte da Rede de Cidades Saudables.
6. Garantir á infancia en situación de vulnerabilidade unha comida saudable ao día nos períodos non lectivos a través da gratuidade do comedor nas actividades de verán ofertadas polo Concello.
7. Promover unha declaración pública dende o Consello Municipal de Saúde pola que se esixa á Xunta de Galicia reforzar o sistema público de sanidade galego.

## 1.5. FUTURO SEN BARREIRAS

1. Incrementar a reserva de emprego público para as persoas con diversidade funcional.
2. Contratación pública máis inclusiva, incorporando cláusulas sociais aos pregos das licitacións.
3. Apoio ao terceiro sector que traballa neste ámbito e facilitar, coas ferramentas que ten o Concello, a incorporación de persoas con diversidade funcional ao mundo do traballo.
4. Redobrar esforzos para que a cidade continúe eliminando as barreiras físicas na rúa e o espazo público, no transporte, nos equipamentos culturais, comercios e servizos públicos.
5. Reactivación do Consello Local de Inclusión Social para impulsar, en colaboración coas entidades do sector, políticas municipais que melloren a autonomía, educación, cultura, deporte, mobilidade, vivenda e outras necesidades das persoas con diversidade funcional.
6. Creación do Servizo Municipal de Atención Sen Barreiras, no que as persoas con diversidade poderán acceder a recursos de apoio coma interpretación en linguaxe de signos, asistencia legal, sociolaboral e psicolóxica, etc.
7. Ampliación do programa de canguraxe e os campamentos estivais cun servizo específico para a atención á diversidade, que contará con persoal especializado.
8. Implantación nos espazos municipais de sistemas visuais de información, como pictogramas e itinerarios sinalizados.
9. Fomentar a educación en saúde afectivo-sexual para persoas con diversidade funcional no Centro de Orientación Familiar (COF) de Orillamar.
10. Implementar no espazo público pasamáns e puntos de apoio en áreas de lecer, lugares para cambiar a persoas adultas, así como espazos accesibles e adaptados de actividade física para persoas non autónomas.
11. Programa piloto de zonas de baixo estrés sensorial nos grandes eventos, con illamento acústico e espazos de movemento libre, para que as persoas con diversidade funcional tamén poidan gozar deles.
12. Crear un Banco de Recursos para a Accesibilidade coas entidades especializadas en diversidade funcional para almacenamento e intercambio de materiais coma muletas, cadeiras, guindastres, etc.
13. Fomentar o acceso ao lecer inclusivo por parte do Concello.

# 1.6. CIDADANÍA DO MUNDO: DEREITO AO REFUXIO E COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

1. Reforzo de persoal na Unidade de Asesoramento ás Migracións (UAMI).
2. Facilitar a acollida de persoas refuxiadas de diferentes orixes, incluíndo ás desprazadas polo crise climática, para apoiar a cubrir as necesidades básicas habitacionais, de alimentación e de saúde.
3. Diseñar programas que fomenten a interculturalidade nos barrios da cidade, sobre todo naqueles con maior diversidade de orixes.
4. Fomento da participación e toma de decisións por parte das comunidades diversas da cidade poñendo en marcha mecanismos de aproximación a estes colectivos, tanto mediante axentes de mediación cultural como entidades do terceiro sector.
5. Creación dun punto de asesoramento e apoio para a validación de títulos formativos e documentación estranxeira.
6. Programas de integración a través do deporte e a cultura.
7. Acceso a programas formativos sen requisito previo de NIE.
8. Apoio escolar específico á infancia migrante nas escolas infantís municipais.
9. Creación de partidas e convenios específicos para entidades que traballan en cooperación e axuda humanitaria.

# A CORUÑA FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA



## 2.1. CLIMA E CAMBIO DE PARADIGMA

1. Incorporar o reto da emerxencia climática en todas as áreas de goberno municipais, non só Medio Ambiente, senón tamén e de maneira especial no planeamento urbanístico, o desenvolvemento económico, o benestar social, a participación cidadá, a cultura e a educación.
2. Redactar unha nova Estratexia de Cambio Climático 2023-2030 que substitúa a que rematou en 2020 e inclúa medidas de mitigación e de adaptación da Coruña á emerxencia climática, para que a cidade estea mellor preparada para os cambios que se aveciñan.
3. Converter as políticas climáticas nunha oportunidade de desenvolvemento e de emprego, coa especialización da cidade en medidas de aforro, eficiencia, autoconsumo, enerxías renovables, solucións baseadas na natureza e outros sectores que permitirán unha mellor adaptación da cidade ao novo contexto.
4. Amosar propostas de actuación en positivo para actuar fronte á emerxencia climática, para evitar caer no derrotismo e a eco-ansiedade, e abordar o retendo unha actitude creativa, especialmente entre a mocidade.
5. Acompasar as políticas climáticas coa xustiza social, a participación cidadá e sobre todo o reparto da riqueza, para que as mudanzas que se van producir non rematen prexudicando outra vez aos colectivos máis vulnerables.
6. Incorporar a perspectiva ambiental e climática á contratación pública, á fiscalidade municipal e aos programas de educación e aprendizaxe permanente.
7. Realizar proxectos piloto en barrios modelo, como Durmideiras, para a xestión colectiva e participativa dos recursos: comunidades enerxéticas, compostaxe comunitaria, servizos de atención as persoas, etc.
8. Constituír o Consello Municipal do Clima.

## 2.2. DECIDIR SOBRE A NOSA ENERXÍA

1. Promover o aforro enerxético en cinco eidos principais: rehabilitación, mobilidade, residuos, alumeados e ciclo integral da auga.
2. Publicar o Mapa das Enerxías Renovables, que analiza o potencial de xeración de enerxía solar e minieólica dentro da cidade, e amplialo ao sector privado e a novas fontes de enerxía para promover que cidadanía e empresas instalen os seus equipos de xeración e autoconsumo eléctrico.

3. Iniciar a produción de enerxías renovables nos equipamentos municipais e no espazo público onde o Mapa das Enerxías Renovables identifica unha maior viabilidade técnica e económica, para impulsar proxectos de autoconsumo individual e colectivo, apoiando a creación de comunidades enerxéticas nos barrios.
4. Crear unha empresa eléctrica municipal que opere con enerxía 100% renovable e aborde casos de pobreza enerxética dos veciños e as veciñas.
5. Crear unha Oficina da Enerxía itinerante que se desprace aos centros cívicos dos barrios para ofrecer asesoramento sobre como reducir a factura da luz, como aforrar enerxía e como implantar enerxías renovables en comunidades veciñais.
6. Detectar necesidades de persoal no sector das renovables para deseñar itinerarios de formación ocupacional e para o emprego neste sector en alza.

## 2.3. NATUREZA URBANA

1. Poñer en práctica a Estratexia de Infraestrutura Verde redactada polo goberno de Xulio Ferreiro para garantir en todos os barrios o dereito de acceso a zonas verdes e á natureza:
  - A. Apertura de novas áreas coma o Parque Cidade no río Monelos ao paso polo Martinete ou o Parque do Observatorio na Agra do Orzán.
  - B. Ampliación das hortas urbanas en barrios con demanda, coma Monte Alto e Palavea.
  - C. Creación dun anel verde na contorna perimetral da Coruña.
  - D. Humanización de microespazos verdes no espazo público dos barrios.
  - E. Naturalización de patios escolares e de equipamentos municipais.
2. Organizar unha consulta pública do novo servizo de coidado dos parques e xardíns, que se renovará durante o mandato 2023-2027, para mellorar a conservación das zonas verdes e o arboredo e eliminar a distribución ilóxica da carga de traballo.
3. Deseñar un programa específico de bo manexo do arboredo urbano.
4. Crear a Rede de Espazos Naturais da Coruña: aos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) xa declarados das Illas de San Pedro e da Torre de Hércules, sumar o Castro de Elviña e o río de Feáns. Promoción cos concellos da Ría do Burgo (Cambre, Culleredo e Oleiros)



o primeiro ENIL supramunicipal de Galicia.

5. Impulsar programas de eliminación de especies invasoras (plumachos, unlla de gato, etc.) e esixir á Xunta de Galicia e á Demarcación de Costas que asuma as súas competencias neste eido.

6. Reforzar a prevención de incendios forestais substituindo eucaliptos e biomasa combustible na distancia de 50 metros dos núcleos de poboación para cumprir a lei.

## 2.4. MOBILIDADE NA CIDADE METROPOLITANA

1. Continuar gañando espazo público e outorgar prioridade aos desprazamentos a pé pola cidade ampliando as peonizacións, ampliando as beirarrúas e procurando as solucións de accesibilidade máis viables para lugares con elevadas pendentes.
2. Continuar coa identificación de itinerarios seguros: camiños escolares, traxectos en bicicleta.
3. Campañas de fomento da bici e educación viaria para vehículos de mobilidade persoal, como a bici e o patinete.
4. Aparcabicis seguros e cubertos en colexios, bibliotecas, polideportivos e outros lugares públicos, aproveitando cando sexa posible os baixos comerciais baleiros para non ocupar espazo público innecesariamente.
5. Constituír unha empresa pública de transporte tras o remate da concesión da Compañía de Tranvías en 2024, que xestione distintos servizos relacionados coa mobilidade, coma o bus urba-

no, a rede de Bicicoruña ou os aparcadoiros, que deben municipalizarse tamén a medida que vaian caducando as concesións. Esta empresa debe abordar cuestións pendentes, como:

- A. Crear un mapa de buses máis eficiente, intuitivo e fiable, que mellore a cobertura en todos os barrios e nos grandes nodos de actividade, coma o campus, os polígonos industriais e os centros sanitarios.
- B. Incrementar as frecuencias para reducir os tempos de agarda.
- C. Renovar a frota de buses con vehículos modernos, eléctricos e híbridos.
- D. Traballar a intermodalidade entre distintos xeitos de desprazarse.
6. Política integrada de tarifas, contando cun mesmo abono para bus, Bicicoruña e os aparcadoiros, que tamén favo-

recerá a intermodalidade e a conexión entre os distintos modos de transporte.

7. Creación de vías para o bus en rúas con elevada densidade de tránsito que permitan segregarse un carril, así como nos accesos á cidade para as liñas metropolitanas.
8. Establecer novos aparcadoiros disuasorios conectados cos principais focos de desprazamentos e cos nodos de transporte público existentes.
9. Xestión integrada da mobilidade metropolitana, instando á Xunta de Galicia a crear unha autoridade única de transporte.
10. Levar Bicicoruña aos barrios que aínda non teñen unha estación próxima, así como a centros de traballo, parques empresariais, o campus universitario ou os hospitais. Mellorar o funcionamento do servizo, en especial nos barrios máis poboados da Rolda de Outeiro. Ampliar o tempo máximo de uso, especialmente no caso das bicis eléctricas, para adaptalo ao percorrido que a veciñanza fai no seu día a día e non prexudicar os barrios máis afastados. Negociar cos concellos limítrofes a integración metropolitana dun servizo común de bicicleta pública.
11. Reconducir o proxecto de Alfonso Molina para convertela nunha avenida ao servizo da nova mobilidade metropolitana: conexión da avenida cos barrios de Elviña, Matogrande, O Birloque, Barrio das Flores, Xuxán e Someso. Reservar carrís segregados para o transporte público e as bicicletas. Pacificar o tránsito. Axardinar as beiras con pantallas vexetais e percorridos peonís.
12. Poñer en marcha, impulsar e/ou publicitar servizos cooperativos para compartir vehículos (car sharing).
13. Esixirlle ao Estado a posta en marcha do tren de cercanías e a modernización das conexións ferroviarias a Ferrol e a Lugo, aunando forzas coas plataformas cidadás, cos axentes da cidade e cos concellos de Ferrol, Lugo e outros municipios beneficiarios da mellora do tren.

## 2.5. UNHA RELACIÓN DIFERENTE COS RESIDUOS

1. Supervisar as empresas concesionarias da limpeza viaria e a recollida de lixo cos instrumentos de control que a Marea Atlántica incorporou nos novos contratos, a fin de garantir unha boa prestación dos servizos. Crear un “buzón” confidencial para que o persoal poida denunciar irregularidades a través dunha canle segura. Implantar métodos de selección de persoal a través de procedementos de publicidade e criterios obxectivos.

2. Recuperar o programa A Pé de Barrio, de coidado intensivo e limpeza periódica de todos os barrios.
3. Implicar a cidadanía nas políticas de Residuo Cero a través da sensibilización, o asesoramento, a participación e os incentivos á colaboración na redución, a separación e a reutilización do lixo.
4. Modernizar a planta de Nostián en colaboración cos concellos da área metropolitana.
5. Defender diante do Ministerio de Transición Ecolóxica o modelo de separación húmido-seco cos contedores de orgánico, inorgánico, papel e vidro, que ten acreditado unha mellor recuperación de materiais comparado co modelo do contedor amarelo para os envases.
6. Impulsar unha xestión máis creativa e diversificada dos residuos, adaptada ás posibilidades dos diferentes barrios e dos centros produtores: ampliación da compostaxe doméstica en vivendas unifamiliares, compostaxe comunitaria en barrios con zonas verdes, recollidas especiais a grandes produtores da hostalería, o comercio e os comedores colectivos, proxectos experimentais de recollida en contedores con chave ou proxectos piloto de recollidas porta a porta sen contedores, entre outras liñas de actuación.
7. Reforzar o punto limpo móbil de recollida de residuos especiais e perigosos para unha maior presenza nos barrios.
8. Correlacionar a taxa do lixo coa colaboración cidadá na separación dos residuos e bonificar os barrios con mellor calidade na separación do lixo.
9. Implicar a economía social na reutilización dos residuos que se podan aproveitar: mobles, metais, lonas de eventos, etc.
10. Apoio e impulso aos circuítos de segunda man por vía presencial e en internet.

## 2.6. AUGA, FONTE DE VIDA

1. Restaurar charcas, fontes, estanques e lavadoiros pola súa importancia na historia da cidade e na conservación da biodiversidade.
2. Instaurar medidas de aforro de auga en equipamentos municipais e en espazos públicos coma parques e xardíns.
3. Implantar sistemas de captación de auga de chuvia e reutilización de auga depurada para usos non relacionados co consumo humano.
4. Utilizar pavimentos permeables que permitan a infiltración da auga no solo para evitar anegamentos e a sobrecarga da rede de saneamento.

5. Proseguir co programa de Vertido Cero, que xa nos permitiu recuperar a bandeira azul da praia de Oza, para mellorar de xeito constante a calidade das augas dos ríos e do litoral.
6. Executar as obras pendentes na Estación Depuradora de Augas Residuais (Edar) de Bens para mellorar a calidade da depuración.
7. Continuar estendendo a rede de saneamento e a separativa de augas pluviais e fecais nos núcleos de poboación que aínda non dispoñan dela.
8. Executar o proxecto de recondución do río Pastoriza ao Monelos no lugar de Ponte da Pedra para evitar bombear un río enteiro á depuradora de Bens, para mellorar a calidade da depuración e aforrar custos elevados en electricidade para o bombeo. Pescudar e resolver casos nos que a escorrentía pluvial se canaliza á depuradora.

## 2.7. ALIMENTACIÓN

1. Xestionar comedores municipais máis saudables, máis sostibles incorporando produto de proximidade e de tempada, principalmente nas escolas infantís, centros de primaria e comedores sociais.
2. Directrices municipais para a adquisición de produtos alimentarios, que incorporen criterios como:
  3. Maior proporción da proteína de orixe vexetal na dieta.
  4. Redución de azucres e alimentos ultra-procesados.
  5. Incrementar a cantidade de produto ecolóxico e de tempada.
  6. Alimentos de proximidade e circuíto curto.
  7. Peixe da lonxa da Coruña.
  8. Medidas para a redución do desperdicio alimentario.
9. Proxectos educativos para diferentes colectivos sobre a alimentación saudable, a cociña saborosa e sostible e a relación coas políticas do clima.
10. Modificar a ordenanza de venda ambulante para facilitar as feiras e a venda directa de produto agrícola de proximidade.
11. Estudar a posibilidade de establecer mercados de alimentos e produtos de proximidade para minoristas (pequenas tendas, postos de mercados municipais, etc), nalgún espazo municipal apto para facilitar a carga e descarga, con periodicidade semanal o maior.
12. Analizar a posibilidade de establecer canles de distribución eficientes e baratas desde os municipios próximos e a cidade central, con pequenos Centros de Distribución en orixe e destino.
13. Ampliar as Ecohortas urbanas e levalas a máis barrios, vista a crecente demanda.



**FEMINISMOS:  
DEREITOS PARA  
TODAS, TODOS OS  
DÍAS**



## 3.1. COAS GAFAS VIOLETAS: IGUALDADE E PERSPECTIVA DE XÉNERO

1. Aumento progresivo dos recursos destinados á igualdade de xénero, ata acadar un mínimo do 1% do total ao final do mandato, e incorporación da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais.
2. Crear o Premio 8 de Marzo para recoñecer as mulleres que loitan pola igualdade.
3. Fundar a Casa Marcela e Elisa como espazo para actividades feministas e para a Escola de Apoderamento, con instalacións dispoñibles para o tecido asociativo feminista e de mulleres na cidade. Así mesmo, acollerá o Espazo de Diversidade Sexual e Identidades de Xénero e o Centro de Información ás Mulleres (CIM).
4. Programa municipal de novas masculinidades para a promoción de relacións igualitarias, corresponsables e non violentas.
5. Desenvolvemento de medidas para mellorar a inclusión das mulleres en situación de vulnerabilidade a través de programas específicos.
6. Campaña de información dos servizos municipais, programas e axudas en igualdade e diversidade de xénero.
7. Promover na acción institucional unha perspectiva de xénero transversal a todas as áreas de xestión municipal.

## 3.2. DIVERSIDADE SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

1. Protocolo municipal para coordinar os diferentes actores da cidade (administracións e entidades que traballen co colectivo) co fin de abordar situacións de discriminación e vulneración de dereitos por orientación sexual e identidade de xénero. Esta mesa de coordinación traballará conxuntamente para facilitar todos os recursos e ferramentas que precisen as vítimas, co obxectivo de acompañalas para superar a situación de abuso ou violencia e de reparar o dano.
2. Integrar ás entidades do sector na organización e avaliación das actividades do Orgullo LGBTQI+, para poñer ás entidades e a reivindicación dos dereitos no centro.

3. A través do Plan Municipal de Saúde Mental, facilitar a contratación de profesionais da saúde mental por parte das entidades LGTBIQ+ que traballan con vítimas de delitos de odio.
4. Garantir que os recursos habitacionais sexan espazos seguros para a poboación LGTBIQ+.
5. Formar o persoal municipal en materia de diversidade LGTBIQ+, especialmente en servizos con atención ao público.
6. Reforzar o programa Coruña Educa e garantir a formación en diversidade nos centros educativos da cidade a través de entidades LGTBIQ+.
7. Promover concertos sociais coas entidades que traballan no ámbito LGTBIQ+ de acordo co establecido na lei de contratos do sector público.
8. Recuperar a financiación da que dispuña o Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia previamente ao recorte do goberno de Inés Rey, incluíndo a actualización da variación do IPC.
9. Na convocatoria de subvencións de igualdade, incluír as realidades trans\* e non binarias.

## 3.3. O CONCELLO CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

1. Protocolo contra o acoso en locais nocturnos e eventos.
2. Mellorar os recursos dirixidos a vítimas de violencias machistas incrementando a contratación do persoal do Centro de Información ás Mulleres (CIM) e eliminando as actuais listas de agarda.
3. En colaboración coa Xunta de Galicia incrementar o número de Casas de Acollda ás Mulleres (CAM) e mellorar a calidade do servizo. Posta a disposición de vivendas de transición á vida autónoma.
4. Ampliar a formación para a prevención de todo tipo de violencias contra as mulleres a través do programa Coruña Educa.
5. Incrementar as axudas destinadas á prevención da violencia de xénero, ao fomento dunha sociedade tolerante coa diversidade e á educación para a cidadanía global para apoiar o traballo do tecido asociativo feminista.
6. Reforzar a dotación de efectivos da Policía Local do programa Viogen de prevención da violencia de xénero, por ser insuficiente para atender a necesidade actual de seguimento.
7. Impulsar o Pacto Social por unha Coruña libre de violencias machistas con máis actuacións e accións.





**A CORUÑA DA  
XENTE PARA A  
XENTE**

**4**

## 4.1. URBANISMO PARA O SÉCULO XXI

1. Redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), axustándoo a unha previsión realista de capacidade residencial da cidade e establecendo unha ordenación urbanística respectuosa cos principios de sustentabilidade no desenvolvemento urbano. Con independencia do obxectivo final e global anterior, modificación puntual do mesmo nos seguintes ámbitos:
  - A. San Pedro de Visma, axustando a ordenación aos límites de edificabilidade vixentes, incorporando a delimitación e protección do conxunto da Viaxe de Visma, evitando volumes edificatorios de forte impacto visual e unha menor afectación e mellor integración de sistemas (viario, aparcadoiro e de tráfico) respecto dos barrios lindeiros.
  - B. Torre de Hércules, impedindo a construción de novos volumes edificatorios e ordenando e poñendo en valor o espazo protexido mediante a aprobación do Plan Especial.
  - C. Percebeiras, destinando a superficie do polígono a zona verde e espazo libre, públicos.
  - D. Parque da Agra-Observatorio, garantindo a maior superficie posible para zona verde pública. Apertura para o acceso ao uso público do parque do Observatorio –modificando o Protocolo entre o Concello e o Ministerio de Transición Ecolóxica–, un dos escasos espazos libres do barrio do Agra do Orzán, atendendo á demanda histórica dos veciños e veciñas.
  - E. Ría do Burgo, reaxustando polígonos (superficies, aproveitamentos e densidades), suprimindo a edificabilidade residencial en Estaleiros Valiña e ordenando o conxunto do ámbito con criterios de integración ambiental, paisaxística e patrimonial.
2. Modificación da ordenación urbanística e de usos do sistema xeral portuario:
  - A. Revisión dos Convenios do 2004, deixándoos sen efecto, e establecendo os novos criterios de ordenación e de usos no porto interior, a incorporar aos instrumentos de ordenación urbanística (PXOM e Plan especial do porto) e de usos (Delimitación de espazos e usos portuarios do porto).
  - B. Ordenación urbanística e de usos, coa previsión da continuidade e potenciación da actividade pesqueira e de economía azul no peirao de San Diego, e o destino a uso dotacional público (zona verde/espazos libre e equipamentos, públicos) en Batería/Calvo Sotelo, dando continuidade aos xardíns de Méndez Núñez conformando un gran parque urbano.
  - C. Nos espazos e superficies innecesarios para a actividade portuaria, continuidade dos mesmos dentro do dominio público portuario, con destino a usos de

- integración porto-cidade, dotacionais de equipamento e zonas verdes/espazos públicos.
- D.** Constitución dun Consorcio ou ente público, que asegure a xestión de usos das superficies de uso non portuario.
- E.** Continuar coa demanda e esixencia de condonación do préstamo de Puertos de Estado á Autoridade Portuaria.
- 3.** Completar a ampliación do catálogo de bens protexidos do PXOM, estancado no último mandato, para incluír elementos singulares como a Vixae de Visma, así como os cambios necesarios derivados da condición de Ben de Interese Cultural (BIC) da Casa Cornide.
- 4.** Modificación do planeamento especial (Plan Especial de Protección e Reforma Interior -PEPRI- e Plan Especial da Maestranza) para protexer o espazo público e o patrimonio arqueolóxico na Maestranza e suprimir o uso residencial previsto nun dos últimos espazos abertos da Cidade Vella, destinando as parcelas a uso dotacional de zona verde para a protección, posta en valor e salvagarda do BIC do sistema defensivo da Cidade Vella.
- 5.** Protección do núcleo das Xubias e do Pazo de Guyatt, e en definitiva do bordo litoral da Ría do Burgo debido ao seu valor paisaxístico e patrimonial diante dos proxectos en trámite de accesos ao novo CHUAC.
- 6.** Suspensión de licenzas no ámbito do SURT-1 de Visma, extensible ao proxecto de urbanización en trámite, co obxecto de estudo para a modificación puntual do Plan Parcial de dito sector en atención das demandas dos residentes dos barrios do Ventorrillo, A Silva, San Pedro de Visma, Agra do Orzán e Os Mariñeiros.
- 7.** Reversión e cesión gratuíta ao Concello dos terreos de Defensa sen uso militar: Fábrica de Armas e Cuartel de Agrela.
- 8.** Retomar as negociacións co Estado e a Sociedade de Equipamentos Penitenciarios (SIEPSE) para conseguir que o antigo cárcere provincial lle sexa cedido gratuitamente ao Concello nunhas condicións xustas e destinalo a espazo dotacional sociocultural.

## 4.2. A CORUÑA ABERTA AO MAR

- 1.** Modificación da ordenación urbanística e de usos do sistema xeral portuario segundo se explica no apartado de Urbanismo.
- 2.** Aproveitar os peiraos como foro de excepción para conxugar a innovación, a cultura, a gastronomía e a tecnoloxía. Neste sentido, pode aproveitarse a

aposta estratéxica da cidade polas TIC e a intelixencia artificial.

3. Impulso dun equipamento cultural dedicado ao mar e ás migracións.
4. Traballar coa Autoridade Portuaria dende o goberno municipal para democratizar o acceso aos peiraos para a cidadanía e as entidades.
5. Creación dun consorcio público que regule a urbanización e o uso dos terreos portuarios para que institucións, asociacións e veciñanza teñan acceso ao uso dos mesmos.
6. Transporte metropolitano pola ría dende o peirao de San Diego e/ou Batería.
7. Crear unha lonxa de futuro, aberta á cidadanía e conectada coas políticas locais de alimentación saudable e de proximidade.
8. Facer unha lonxa aberta, máis accesible e mellor coñecida pola cidadanía, coma un nexo coa cultura do mar e coa ligazón da Coruña coa pesca.
9. Procurar vías para fomentar o consumo de peixe fresco, como conectar a lonxa con outros equipamentos estratéxicos do tipo dos centros educativos.
10. Apoiar dende o Concello a recuperación da actividade da industria pesqueira, tanto a pesca como a transformación do produto e colaborar na formación ocupacional necesaria para o fomento do emprego neste sector.

## 4.3. CIDADANÍA QUE PARTICIPA, CONCELLO QUE ESCOITA

1. Recuperar o Dillo Ti como vía de rendemento de contas do goberno diante da cidadanía e de interlocución directa coa veciñanza dos barrios.
2. Mellorar os orzamentos participativos dotándoos de prazos suficientes, de vías de participación presenciais e online e dunha valoración das propostas de investimento máis técnica e obxectiva.
3. Enriquecer os orzamentos participativos cunha convocatoria para "Propostas de Cidade" que non teñan que ser necesariamente investimentos, seleccionadas despois dunha fase de votacións. As Propostas de Cidade escollidas recibirán fondos e acompañamento dos servizos municipais para a súa materialización.
4. Reactivación dos consellos municipais sectoriais inactivos durante o mandato de Inés Rey.
5. Deseño colaborativo do espazo público. As novas áreas de ocio e lecer serán pensadas de xeito colectivo entre persoas usuarias, persoal técnico mu-

nicipal, persoal experto, comunidade educativa e entidades veciñais, tomando como referencia procesos como "O Noso Patio" ou a área de xogos da praza da Tolerancia.

6. Facilitar a participación e a consulta pública dos pregos máis relevantes a para contratación municipal de servizos e obras.
7. Crear dous novos espazos TEU para o uso veciñal.
8. Realizar unha convocatoria transparente e pública para a cesión de locais municipais a entidades sen ánimo de lucro. Fomentar o seu uso compartido e a corresponsabilidade. Ampliar a dispoñibilidade de locais para entidades a través do programa Mover os Baixos.
9. Crear un sitio na web onde se poida consultar o inventario de locais municipais e o estado de cada unha das cesións.
10. Reforzo da Escola da Participación co obxectivo de que teña carácter estrutural na acción de goberno.

## 4.4. ADMINISTRACIÓN PRÓXIMA E TRANSPARENTE

1. Plataforma online de seguimento dos expedientes dispoñible para as persoas interesadas con datos como estado do proceso, unidade xestora, informes emitidos ou informes pendentes.
2. "Concello de confianza" con máis atención presencial, trámites máis sinxelos e garantía dos dereitos dixitais. Programa "Coruña Responde" para aproximar a administración local á cidadanía e acabar co labirinto burocrático.
3. Rematar coa cita previa obrigatoria, afondar na descentralización, reforzar o servizo do 010.
4. Creación de tres Xanelas Únicas, tres grandes Centros de Atención Integral á Cidadanía para garantir a descentralización, nos tres barrios máis poboados da Coruña, situándoos no Ágora, en María Pita e en Catro Camiños
5. Redactar unha carta de dereitos dixitais da veciñanza e traballar para garantir, incluíndo o acceso á rede, a non discriminación e á privacidade dos datos persoais. Estes dereitos deben aplicarse en todas as plataformas, aplicacións e iniciativas dixitais do Concello.
6. Garantir a accesibilidade universal na Administración Electrónica do Concello para que todas as persoas poidan relacionarse coa administración por medios dixitais, facilitando asistencia e apoio ás persoas maiores, con diver-

sidade funcional ou con menos habilidades sociais.

7. Revisar e modificar toda normativa e práctica municipal que proceda, especialmente a relativa aos servizos públicos, para adecuala ao marco normativo da Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade.
8. Nova normativa de uso dos espazos públicos e as instalacións municipais que facilite as xestións e o acceso por parte da veciñanza, que reduza a tramitación e os custos asociados.
9. Recuperación do portal de transparencia "Onde van os meus impostos" que o goberno actual deixou de manter.

## 4.5. SEGURIDADE E CONVIVENCIA

1. Crear espazos de coordinación dos diversos servizos municipais para atender problemáticas localizadas en lugares concretos: atención á saúde, traballo social, educación en rúa, limpeza, infraestruturas, policía, equipos de mediación, veciñas.
2. Ampliar o programa de Educación en Rúa, dirixido a previr condutas de risco que poden derivar en hábitos non saudables na mocidade.
3. Poñer en marcha un equipo de mediación para a resolución de conflitos.
4. Implementar programas de prevención de adicións, dirixidos especialmente á poboación nova.
5. Reforzar a rede pública de asistencia para persoas con problemas de consumo de substancias con programas de tratamento e de redución de danos. Poñer a disposición das persoas usuarias recursos de baixa esixencia e de acceso universal.
6. Incorporar a perspectiva de xénero ao deseño urbanístico e realizar diagnósticos da sensación de vulnerabilidade no espazo público.
7. Cubrir as vacantes na Policía Local e no Corpo de Bombeiros, neste caso fundamentalmente as xefaturas.
8. Crear unha nova sede da policía Municipal da Coruña para solucionar as deficiencias da sede actual.
9. Aportar os recursos necesarios para que a Policía Local desenvolva o seu traballo con seguridade: vehículos, vestiario, equipos de protección.
10. Comarcalización do Parque de Bombeiros, para o que é imprescindible a colaboración da Xunta de Galicia e dos concellos da área metropolitana.
11. Acondicionamento para a accesibilidade universal e mellora da infraestructura do Parque de Bombeiros coa construción dunha torre de prácticas de rescate en altura. Tamén se acom-

terá a modernización dos medios tecnolóxicos dispoñibles.

12. Moratoria que suspenda a concesión de licenzas ás casas de apostas, mentres se regulan e se evita que se localicen preto de equipamentos sociais

sensibles coma centros escolares, sanitarios e deportivos.

13. Organizar charlas e formación en sensibilización contra os discursos de odio en centros educativos e cívicos.

## 4.6. DEMOCRACIA ONTE E HOXE: MEMORIA

1. Reactivar a retirada de nomes e simboloxía franquista das rúas en aplicación da nova Lei de Memoria Histórica, comezando polas honras ao sanguinario falanxista Peñamaría de Llano, e continuando polas propostas realizadas polo Instituto Cornide de Estudos Coruñeses.
2. Presentar desde o Concello, coa mínima demora, o procedemento xudicial para recuperar a propiedade pública da Casa Cornide.
3. Reactivar o Consello da Memoria Democrática, practicamente parado neste mandato e que non se reúne desde novembro de 2021. Impulsar a Oficina de Atención ás Vítimas, creada en 2018 e que hoxe se mantén só grazas ao traballo da Universidade.
4. Localizar monumentos e lugares relacionados coa memoria democrática da cidade (liberal, republicana, galeguista, obreira, feminista e de resistencia ao fascismo) e contextualizalos por medio de sinalética tradicional e realidade aumentada.
5. Crear o Arquivo das Memorias Colectivas, unha plataforma dixital que centralice a información sobre a memoria democrática e asociativa da cidade con fontes documentais escritas, audiovisuais, testemuñas orais e traballos de mapeo.
6. Fundar unha escola que elabore guías didácticas e imparta cursos sobre a historia da Coruña, conectada ao Arquivo das Memorias Colectivas, coa colaboración do Instituto José Cornide, a Cátedra da Memoria Histórica e a Rede de Museos Históricos da Coruña. A escola porá os seus recursos ao servizo dos centros educativos e entidades da cidade.
7. Lanzar unha liña de axudas para o fomento e reforzo de proxectos encamiñados á recuperación das memorias dos barrios, para poñer en valor as súas identidades singulares.



8. Impulsar un traballo de investigación participativa para elaborar un mapa das microtoponimias desaparecidas do rreiro e realizar procesos consultivos para estudar a súa recuperación.

# CIDADE DE OPORTUNIDADES

5

## 5.1. A CORUÑA GLOBAL

1. Actualizar e implementar o plan de acción das Bases de Acción Exterior do Concello da Coruña, aprobadas no primeiro trimestre de 2019, e crear unha unidade especializada dependente da Alcaldía.
2. Crear unha plataforma online en diversas linguas que centralice a proxección global da Coruña, tanto nos ámbitos económico e turístico como nos da cooperación ao desenvolvemento e a participación en redes internacionais de cidades, que se articularán en torno ao novo modelo de cidade sostible, inclusiva e innovadora e aos seus valores.
3. Activar o Consello Local de Acción Exterior e abrir un foro permanente de diálogo e coordinación coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia.
4. Impulsar a reflexión sobre a proxección internacional da Coruña e o papel das cidades como actores globais coa creación da Cátedra de Acción Exterior na Universidade da Coruña e co reforzamento da colaboración co Instituto de Análise e Documentación Internacional (IGADI).
5. Celebrar, con carácter bianual, o Foro Coruña Global.
6. Apoiar a internacionalización da actividade económica e das entidades da cidade, a atracción de eventos de referencia e a participación de actores locais de sectores estratéxicos en redes internacionais, con especial atención ao campo da innovación.

## 5.2. ÁREA METROPOLITANA

1. Retomar o impulso de colaboración institucional do Concello da Coruña cos municipios do Consorcio das Mariñas, en aras de reforzar a cooperación en tarefas de interese común e relanzar o proxecto de constitución dunha Área Metropolitana con personalidade xurídica e administrativa propia.
2. Redacción do proxecto de Lei de Área Metropolitana, que debe rexer o seu funcionamento. Proceso de co-deseño cos concellos veciños e consulta pública á cidadanía.
3. Proseguir cos traballos de análise das demandas veciñais e dos servizos básicos para explorar formas de prestación conxunta, como xa acontece co tratamento dos residuos na Planta de Nostián. Colaboración necesaria especialmente no relativo á mobilidade sostible. Reclamar a Xunta de Galicia a creación dunha Autoridade Única de

- Transporte Metropolitano que integre todas as redes.
4. Realizar unha análise conxunta do territorio, para favorecer unha planificación harmoniosa e identificar infraestruturas clave que demandarlles ás administracións autonómica a estatal.
  5. Promover cos concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros o primeiro Espazo Natural de Interese Local (ENIL) supramunicipal de Galicia, a Ría do Burgo, como enclave de especial riqueza produtiva, biolóxica e educativa a conservar.

## 5.3. UN NOVO MODELO ECONÓMICO E LABORAL

1. O avance da tecnoloxía e a maior eficiencia dos procesos debe conducir a reducir tempos de traballo. O Concello fomentará a semana laboral de catro días tanto no sector público coma privado:
  - A. Favorecendo esta práctica en pemes e micropemes con formación e asesoramento, subvencionando a adaptación e introducindo cláusulas na contratación pública que incentiven a redución da xornada laboral.
  - B. Realizando un proxecto piloto nunha área da xestión municipal, para estudar o seu impacto e as posibilidades de ampliar a experiencia.
2. Impulso á creación de emprego aproveitando as oportunidades da transición ecolóxica nos eidos da instalación de enerxías renovables, a rehabilitación de vivenda, a rexeneración urbana, a eficiencia enerxética, a infraestrutura verde ou a economía dos residuos.
3. Crear o Consello da Cidade, un órgano de cooperación integrado polos principais axentes sociais e económicos da Coruña para sumar esforzos na execución da axenda urbana, así como para esixir a debida atención ás principais necesidades da cidade, coma a humanización da avenida da Vedra, o tren de cercanías e conexións ferroviarias a Ferrol e Lugo ou o futuro dos peiraos interiores e apertura á cidade do borde litoral.
4. Redactar, en colaboración coas entidades do Pacto Local polo Emprego, un novo Plan Municipal de Emprego para o período 2023-2027, que teña entre as súas prioridades a inclusión laboral dos colectivos vulnerables, a superación da fenda de xénero, a capacitación dixital e o traballo en rede no contexto das entidades do Pacto.

5. Crear un espazo de encontro de traballo compartido (coworking) entre empresas cooperativas, proxectos de innovación social e entidades do terceiro sector para estreitar lazos e crear sinerxías entre colectivos que comparten obxectivos comúns.
6. Reforzar as cláusulas sociais nos contratos públicos mediante unha instrución de contratación do Concello, para apoiar ás empresas cooperativas e de economía social nos procesos de contratación pública .
7. Creación do distintivo "Coruña Emprega" para destacar aquelas empresas con boas prácticas na xestión laboral e outorgarlles vantaxes competitivas na contratación pública do Concello.
8. Recuperación da Feira de Economía Social para darlle visibilidade a este sector.
9. Protexer e modernizar a venda ambulante como unha actividade económica rendible e sostible que fomenta o comercio de proximidade e contribúe ao desenvolvemento económico da cidade.
10. Posta en marcha dun Plan de Emprego para Migrantes, un traballo colaborativo desenvolvido polo Centro Municipal de Emprego conxuntamente coa Unidade de Atención a Migrantes (UAMI), así como as entidades do terceiro sector especializadas, co fin de diagnosticar as necesidades formativas, elaborar os itinerarios de inserción precisos e, no caso das persoas migrantes con formación, establecer mecanismos que faciliten a homologación dos seus títulos.
11. Aumentar a formación no Centro Municipal de Emprego para persoas perceptoras da Renda Social Municipal.
12. Parque empresarial de Agrela: renovación integral da mobilidade cun novo deseño do transporte público e aparcamentos disuasorios con perspectiva metropolitana. Percorridos seguros a pé e en bicicleta para mellorar a permeabilidade cos barrios próximos e co resto da cidade.
13. Polígono de Pocomaco: concluír o proceso de transferencia ao Concello dos viarios e espazos de uso público iniciado polo goberno de Xulio Ferreiro en 2018.

## 5.4. COMERCIO E MERCADOS

1. Pacto polo Comercio Local para reforzar a colaboración do Concello cos negocios de proximidade dende un enfoque integral que inclúa promoción, mobilidade, recuperación de baixos balcoiros e mellora do espazo público.
2. Medidas de promoción directa nos mercados, coma os bonos ao consu-

- mo cun maior carácter redistributivo, tendo en conta a renda de cada persoa no reparto de recursos. Facer extensivo ao sector do pequeno comercio de alimentación.
3. Elaboración dunha guía turística de mercados para a súa promoción exterior.
  4. Convocatoria de concurso público para renovar as concesións dos postos caducados dos mercados, tendo en conta a antigüidade e outros criterios coma a inclusión de colectivos con dificultades para acceder ao mercado laboral.
  5. Ofrecer formación continua ás persoas que traballan nos mercados e fomentar o seu papel como nodos de alimentación saudable e de proximidade. Poner en marcha un programa de visitas dos centros escolares.
  6. Explorar fórmulas eficientes e verdes para o reparto de mercadorías.
  7. Crear o selo "Eu compro nos mercados" para distinguir a hostalaría coruñesa que aposta por estes equipamentos clave, e promoción de eventos de dinamización e difusión vinculados aos valores culturais e gastronómicos.
  8. Celebrar un Congreso Anual de Alimentación Saudable vinculado aos mercados.
  9. Mercadillos urbanos estables en catro barrios da cidade ao servizo do tecido comercial de cada zona.
  10. Realizar campañas de concienciación e sensibilización que estimulen o consumo no comercio de proximidade.
  11. Relanzar o programa de bonos para mercar no pequeno comercio, facéndoo extensivo ao sector da alimentación e incorporando criterios de renda.
  12. Ampliar o programa de formación personalizada in situ Tendras a Exame.
  13. Elaborar guías turísticas de comercio local no que se inclúan rutas de compras e establecementos emblemáticos.
  14. Convocar liñas de axuda á modernización dixital dos nosos comercios e á mellora e renovación da súa accesibilidade e rotulación exterior.
  15. Recuperar o programa Mover os Baixos: adquisición de locais comerciais, bolsa de alugueiro, subvencións á primeira ocupación de baixos vacantes, con participación do colectivo de comerciantes e veciñanza para identificar zonas prioritarias.
  16. Reforzar a Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC) para atender a crecente demanda de asesoramento debida á actual inflación e defender os seus dereitos como consumidores.

## 5.5. TURISMO

1. Actualizar o Plan Estratégico de Turismo procurando o equilibrio entre a promoción e desestacionalización do turismo na cidade e as medidas que eviten a turistificación e efectos indesexados na veciñanza residente.
2. Regular a concesión de licenzas ás vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos, que ademais de distraer vivenda para o uso como residencia habitual poden chegar a supoñer unha competencia desleal co sector hoteleiro e outros aloxamentos comerciais.
3. Redefinir o Consorcio de Turismo a fin de acentuar a súa vocación de servizo público.
4. Promover un turismo vinculado á cultura, o deporte, a gastronomía, os congresos e outras actividades nas que poda participar tamén a cidadanía da Coruña e diversifiquen os beneficios para a cidade.
5. Construír un albergue para ofrecer unha alternativa de aloxamento económico e adecuado á mobilidade internacional de mozas e mozos, as persoas peregrinas e turistas en xeral.
6. Facilitar o uso do transporte público aos turistas e visitantes, con tarxetas de uso diario, semanal o mensual con prezos bonificados nos autobuses.
7. Negociar coa Autoridade Portuaria a estratexia futura do turismo de cruceiros, con vistas a que a cidade obteña o mellor aproveitamento deste sector, e simultaneamente se evite exceder a capacidade de carga da zona centro, especialmente se a apertura dos peiraios interiores liberase unha fronte de atraque aínda maior cá actual.
8. Repensar a estratexia do aeroporto de Alvedro, con especial atención ao mercado europeo: un mapa de rutas non moi extenso con poucos destinos moi ben conectados, nomeadamente Heathrow e Sevilla.

## 5.6. HOSTALERÍA

1. Crear unha bolsa municipal de locais en alugueiro a prezo taxado que evite a alza dos prezos dos locais comerciais.
2. Controlar que están operativos todos os medios materiais e humanos dos servizos de limpeza viaria e recollida de lixo, sobre todo os destinados especificamente ao coidado do espazo público tras o ocio nocturno e á recollida de residuos na zona centro de máxima concentración da hostalería.

3. Ampliar percorridos e frecuencias do transporte público nocturno para evitar tamén o uso do vehículo privado tras o consumo de alcohol.
4. Establecer acordos de colaboración entre o Concello e o sector da hostalería para implantar boas prácticas no

coidado do espazo público e a convivencia, ademais do obrigado control que o Concello e o sector deben exercer para o cumprimento da normativa sobre ruído, terrazas, etc. vixente en cada momento.

## 5.7. REVOLUCIÓN DIXITAL

1. Creación dunha estratexia local en favor do uso da intelixencia artificial e a ciencia de datos, en colaboración co Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns da Universidade da Coruña e co ecosistema tecnol3xico local, promovendo pilotos para a mellora na prestaci3n de servizos co uso de algoritmos transparentes, 3ticos, reproducibles e audita- bles.
2. Aumentar o cat3logo de datos p3blico do Concello da Coruña para p3r a dispor do sector das TIC e a intelixencia artificial informaci3n coa que facer an3lises e investigaci3ns sobre a cidade, que permita levar a cabo melloras 3tiles para a cidadan3a coma o funcionamento Bicicoruña, as liñas de autobuses, reforzar servizo de citas da administraci3n, etc.). Empregar un formato aberto que permita o procesado dos datos dese cat3logo.
3. Apoio 3 creaci3n dun Digital Hub de Intelixencia Artificial na Coruña, que reinvista na cidade a aposta pola AESIA e o sector das tecnolox3as da informaci3n.
4. Continuar apoiando 3 Cidade das TIC nos terreos da F3brica de Armas en colaboraci3n coa Universidade e o sector para consolidar A Coruña como capital da innovaci3n nas TIC en Galicia. Constituir a sociedade xestora con participaci3n maioritaria do Concello para ampliar a s3a capacidade de decisi3n sobre a zona.
5. Integrar o recinto da antiga F3brica de Armas na s3a contorna e facer que forme parte do ecosistema urbano, combinando as actividades econ3micas con usos c3vicos, de proximidade e abertos aos barrios pr3ximos coma Eir3s, Palavea e Pedralonga: instalaci3ns deportivas e recreativas, lugares de encontro e de cultura, zonas verdes, etc.
6. Facilitar unha relaci3n de colaboraci3n bidireccional: por unha banda aportando os servizos municipais necesarios de mobilidade, recollida de residuos e instalaci3ns, e ao mesmo tempo apli-



car na cidade os avances en tecnoloxía e intelixencia que se xeren neste polo da industria dixital.

**7.** Apoiar o sector das start-ups tecnolóxicas que precisan unha incubadora de iniciativas empresariais do sector dixital próxima ao centro da cidade, concibida coma unha lanzadeira previa ao seu establecemento na Cidade das TIC.

**8.** Recuperar o programa Coruña Dixital para apoiar iniciativas creativas, culturais, sociais e profesionais no uso seguro da tecnoloxía, a creación de redes de colaboración e intercambio e a consolidación dunha comunidade creativa e punteira no desenvolvemento da tecnoloxía dixital.

**9.** Uso e promoción do software libre e dos estándares abertos, que non só garante a liberdade no seu uso e distribución, senón que fomenta a creación de tecido tecnolóxico local, fóra da lóxica das grandes transnacionais tecnolóxicas. Medidas que propoñemos:

**A.** A migración progresiva de distintos servizos informáticos do Concello a software libre, sempre que existan solucións axeitadas para as funcionalidades requiridas.

**B.** Inclusión dunha cláusula en calquera contratación pública que supoña a creación de software de que este deberá ser desenvolvido cunha licenza libre que permita a súa reutilización e modificación por terceiros.

**C.** Actividades de apoio ao desenvolvemento do software libre e os datos abertos nas pequenas empresas e autónomos.

**10.** Ofertar plans de formación no sector das TIC, priorizando entre as destinatarias o colectivo de mulleres, para minimizar a fenda de xénero deste sector. Ofertaranse tamén plans específicos para persoas en risco de exclusión social, de cara a ampliar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral.

**A CORUÑA VIVA**

6

## 6.1. CULTURA

1. Recuperar a Concellaría de Cultura tras catro anos de desmantelamento para que xestione de maneira exclusiva a política cultural da cidade e reforma do IMCE para que resulte unha ferramenta máis áxil e próxima aos profesionais e ás profesionais do sector.
2. Ofrecer unha programación cultural participativa e expansiva, que chegue aos barrios e aos espazos públicos, desestacionalizada para que teña lugar todo o ano evitando a sobreprogramación durante os meses de verán.
3. Crear unha axenda cultural única con toda a programación da cidade, que inclúa actividades e eventos de iniciativa pública, pero tamén privada, e se distribúa por diferentes canles: boletíns online e en papel, centros cívicos e equipamentos municipais, transporte público, pantallas, etc.
4. Apostar pola diversidade cultural na programación, en colaboración coas entidades representativas das moi diversas nacionalidades que conviven na Coruña.
5. Facilitar o acceso á cultura a colectivos que poden ter dificultades económicas a través dun Bono Cultura permanente, para a mocidade e outros colectivos sociais que o precisen, que siga criterios de renda.
6. Ampliar o servizo municipal de canguaxe para facilitar o acceso á cultura e aos museus científicos a familias monoparentais ou persoas con dificultades de conciliación
7. Ofrecer formación en perspectiva de xénero aos diversos axentes do sector cultural público e privado, que sexa práctica e aplicable ao desenvolvemento de proxectos de creación e programación.
8. Realizar unha análise da perspectiva de xénero na programación cultural ofertada dende o Concello.
9. Poñer en funcionamento o Consello Municipal da Cultura e promover o traballo en rede cos diferentes axentes culturais locais e unha comunicación fluida e cooperativa a través de mesas sectoriais.
10. Constitución dunha Oficina Municipal de Cooperación Cultural para favorecer a creación, que se encargue de:
  - A. manter un censo de traballadores/as da cultura na cidade,
  - B. elaborar un mapa dixital de espazos e recursos para a produción e creación cultural,
  - C. dar apoio ás actividades profesionais e formativas das creadoras, facilitando o seu traballo e a súa relación entre si, coa administración, coa veciñanza e cos diferentes barrios.
11. Distribuír os recursos municipais de maneira descentralizada entre o tecido cultural local, fronte á política de macroeventos puntuais.
12. Reforzar o programa de residencias artísticas, ofrecendo condicións dignas de traballo e espazos adaptados ás diferentes disciplinas.
13. Reformular a convocatoria de axudas á creación para facilitar a súa tramita-

ción e garantir unha retribución digna das traballadoras e os traballadores que participen en todas as fases dos proxectos.

14. Poñer en valor o sector cultural da Coruña entre a veciñanza, con accións orientadas a concienciar sobre a importancia da industria cultural para o tecido económico da cidade, e visibilizar a riqueza, a calidade e a diversidade cultural da Coruña.
15. Facer da Coruña unha cidade do libro e a lectura os 365 días do ano, a través de diversas accións:
  - A. Crear un plan estratéxico do libro e a lectura, que permita presentar candidatura para que a Coruña sexa parte da Rede de Cidades de Literatura da Unesco
  - B. Constituír un foro permanente para dialogar co ecosistema do libro e a lectura. Un espazo de encontro entre lectoras, editoriais, profesionais da crítica, bibliotecarias, tradutores, ilustradoras, dinamizadoras, sistema educativo, clubs de lectura, librarías, distribuidoras, etc. para que poidan achegar propostas, actividades e ideas, cooperar entre si e sumar a un proxecto de cidade.
  - C. Reforzar e complementar a Feira do Libro colaborando coa Federación de Librarías.
16. Unificar toda a rede de bibliotecas baixo a xestión municipal directa, deseñando un proxecto estratéxico de bibliotecas.
17. Asegurar os recursos necesarios para garantir a continuidade do festival Viñetas desde o Atlántico, expandíndoo para que teña lugar todo o ano, diversificando a oferta de actividades a través de residencias artísticas, encontros con autoras e autores, obradoiros, presenza en escolas e colaboracións coas bibliotecas municipais.
18. Apertura dos equipamentos culturais á cidadanía, favorecendo o seu uso, nos horarios libres, pola veciñanza e os colectivos culturais e artísticos. En paralelo, crearase un censo dixital con toda a información dos espazos culturais e mellora da sinalización nas rúas para aumentar a súa visibilidade.
19. Facer dos equipamentos privados, como as salas de concertos, lugares de interese cultural.
20. Acometer todas as reformas necesarias na Fundación Luis Seoane para protexer o patrimonio que conserva no seu interior e poder sacar o máximo partido do edificio para outros usos culturais. Protexer e divulgar o legado do artista.
21. Impulsar un Museo do Mar e as Migracións nos peiraos interiores, preferentemente utilizando instalacións en desuso.
22. Liderar un proxecto que recolla o espírito do desaparecido Museo de Arte Contemporánea en colaboración co seu equipo de profesionais, retomando o traballo iniciado polo alcalde Xulio Ferreiro en 2019.
23. Consolidar os festivais e os lugares de expresión artística no espazo público. Creación dun Festival da Arte e a Memoria Urbanas dedicado a un barrio en cada edición. Poñer en valor a comunidade artística do Xerión e o seu diálogo coa cidadanía, evitando a súa retirada e desaparición.
24. Relanzar o Festival Noroeste:

- A. implicando o tecido local: programación, artistas e provedores
  - B. dotándoo de carácter metropolitano e expandido aos barrios
  - C. enriquecéndoo con encontros con profesionais do sector musical
  - D. designando a persoa que dirixa o festival a través dun concurso público
  - E. garantindo condicións dignas de traballo e contratación
25. Cambio da denominación do Teatro Colón, que pasará a chamarse Teatro María Casares.
  26. Apoio á industria audiovisual en colaboración cos seus axentes.
  27. Potenciar da sala municipal de concertos O Túnel diversificando a súa programación e establecendo alianzas público-privadas con outras salas de música.
  28. Habilitar locais de ensaio municipais para bandas noveles e grupos de teatro afeccionado.
  29. Esixir á Xunta de Galicia que cumpra os seus compromisos orzamentarios coa Orquesta Sinfónica de Galicia.
  30. Potenciación da Banda Municipal de Música: ampliar o seu local de ensaio no Coliseum, incrementar os seus recursos, reforzo da súa visibilidade e cobertura das prazas vacantes.
  31. Dinamización das Casas-Museo para que funcionen coordinadas cun novo Museo da Cidade, equipamento máis xeralista, de referencia para visitantes e como dinamizador do conxunto da rede e dos traballos de investigación e construción do relato colectivo.
  32. Posta en valor do Castro de Elviña e da súa relevancia coma orixe da cidade. Mantendo o escavado e restaurado, poñer en marcha de inmediato un ámbito de recepción de visitantes e mellorar os accesos, ao tempo que se planifica a súa transformación no gran parque da cidade. Habilitar tamén unha plataforma virtual que permita achegarse a el desde a distancia.

## 6.2. DEPORTE

1. Plan director de instalacións deportivas para optimizar o estado das actuais e responder ás novas necesidades do deporte coruñés. A eficiencia enerxética e a accesibilidade deben ser tarefas prioritarias. Previsión do crecemento da cidade con visión metropolitana para planificar as novas instalacións deportivas nos vindeiros anos.
2. Xestión directa das instalacións, que permita darlle á veciñanza un mellor servizo cun uso máis racional dos fon-

- dos públicos, no relativo ao polideportivo do Castrillón e San Diego.
- 3.** Negociar coa Xunta de Galicia para incorporar á xestión municipal os equipamentos deportivos que hoxe son de titularidade autonómica, coma os pavillóns de Elviña I, A Sardiñeira e Agra I para que poidan funcionar en rede.
- 4.** Reproxeitar as Polideportivas 1 e 2 de Riazor para reconvertelas nun centro multideportivo.
- 5.** Estudar a construción dun pavillón duns 5.000 espectadores en Xuxán, por ser requisito mínimo para xogar na ACB, xa que a Coruña non ten ningunha instalación que cumpra os requisitos desa liga, cun módulo de atletismo de pista cuberta.
- 6.** Negociar a xestión municipal das pistas de atletismo da Universidade da Coruña.
- 7.** Completar a rede de equipamentos municipais con lugares para practicar actividades físicas e deportivas á marxe da competición regulamentada. Para isto, poden habilitarse equipamentos en polígonos, baixos comerciais sen uso, espazos en recuperación, etc.
- 8.** Participación cidadá na xestión das instalacións deportivas a través dos clubs e entidades de interese público, como garantes dun servizo de calidade, onde os beneficios da xestión redunden na propia promoción del deporte.
- 9.** Dotación material das instalacións, substituír o que está obsoleto.
- 10.** Espazos compartidos para as entidades deportivas, menos gravosos economicamente, para administración ou almacenamento.
- 11.** Dedicar a maior parte do orzamento de Deportes ao deporte de base, deporte social e de integración
- 12.** Sensibilizar á cidadanía nas prácticas de actividade física na rúa (running, ciclismo, parques activos, etc.) sobre os beneficios da actividade física habitual e tamén para previr lesións evitables.
- 13.** En colaboración coa Concellería de Igualdade, implementación dun Plan de Igualdade no Deporte para incorporar a perspectiva de xénero á práctica deportiva
- 14.** Fomento do xadrez, especialmente nas escolas, na rúa coa instalación de mesas de xadrez en parques públicos e dinamización entre as persoas maiores. Creación da Casa do Xadrez Domingos Merino, cun espazo Museo, e implantación do Trofeo Domingos Merino na cidade.
- 15.** Redefinir as actividades deportivas impartidas dende o Concello, nas distintas instalacións, adaptándose a realidade do usuario (nivel físico e non idade), gustos polas actividades físicas e potenciais da contorna onde se realizan.
- 16.** Promoción do deporte e da actividade física, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Deputación: hábito do deporte en nenos, nenas e adolescentes, persoas maiores e as persoas con capacidades distintas, igualdade entre homes e mulleres na actividade física.
- 17.** Adaptación das actividades extraescolares ás posibilidades do entorno do centro educativo: escolas de vela, skate, parkour, surf, sendeirismo, etc.
- 18.** Formación continua do persoal dos centros deportivos.

**19.** Financiamento do deporte:

**A.** Esixir que o financiamento municipal a grandes eventos deportivos vaia asociado a un programa real de promoción do deporte, e xustificada a súa necesidade e retorno económico real na cidade.

**B.** Apoio económico finalista para que a práctica deportiva en idades temperás (benxamíns, alevíns, infantís e xuvenís) o sexa con carácter gratuíto.

**C.** Todos os clubs e asociacións que o Concello subvencione deberán ter contratado e dado de alta na seguridade social ao seu persoal.

## 6.3. EDUCACIÓN E APRENDIZAXE PERMANENTE

**1.** Proseguir coa rehabilitación dos centros de ensino público de primaria na cidade.

**2.** Reverter os recortes de Inés Rey na rede de escolas infantís: negociar coa entidade Padre Rubinos a reincorporación da EIM Carmen Cervigón á Rede Escolas Infantís Municipais e construír unha nova escoliña no barrio de Xuxán nun equipamento interxeracional.

**3.** Negociar coa Xunta de Galicia a integración das escolas infantís de xestión autonómica na rede municipal para unificar o servizo e simplificar os trámites.

**4.** Incrementar a dotación económica das Escolas Infantís Municipais para mellorar a ratio de profesorado/alumnado e as condicións laborais das súas traballadoras.

**5.** Impulsar o programa Escolas Verdes e Saudables:

**A.** Alimentación sa nos comedores escolares con produtos de proximidade e ecolóxicos. Nos centros de titularidade municipal, construción de cociñas ou a adaptación das existentes á normativa vixente, para poder optar a elaborar as súas propias comidas evitando un servizo externo.

**B.** Naturalización de patios, reverdecéndoos para mellorar a calidade do aire, amortecer o ruído e fomentar o contacto coa vida. Áreas de xogo máis acolledoras, deseñadas en colaboración coa comunidade educativa, para facelas máis dinámicas e inclusivas.

- C.** Establecer que as nenas saian ao patio e estean fóra todo o posible nas escoliñas que teñan exterior. Procurar zonas libres para as escoliñas que non teñen patio.
- D.** Traballar tamén en transformar as contornas escolares en áreas de protección da saúde da infancia: priorizar a mobilidade peonil e ciclista no rueiro da contorna escolar, crear corredores de acceso libres de coches, fomentar a presenza de vexetación e agua arredor dos centros de ensino, e promovendo zonas estanciais, de encontro e de xogo no espazo público.
- E.** Reservar en todos os recintos educativos un espazo seguro para o aparcamento de bicicletas, patíns e patinetes, incentivando a mobilidade activa ao centro.
- 6.** Recuperar e ampliar o programa Aberto ao Barrio, de patios escolares abertos fóra do horario lectivo para ocio, deporte e facer comunidade. Diversificar actividades: cine fórum nas tardes no verán, coidado das hortas, observación de estrelas, deportes, etc.
- 7.** Novas actividades nos programas educativos complementarios no eido non formal. Alternativas para menores con necesidades especiais e diversidade.
- 8.** Acceso universal independentemente dos recursos económicos ás actividades ofrecidas polo Concello da Coruña aos centros educativos.
- 9.** Realización dun proxecto piloto de incorporación da figura da Educación Social nos centros educativos en colaboración coas ANPAS.
- 10.** Programa municipal de formación antirracista nos centros de ensino.
- 11.** Incluír no programa municipal Coruña Educa oferta educativa sobre a paz e a non violencia, a protección do medio ambiente e a defensa dos dereitos humanos.
- 12.** Colaborar coa comunidade xitana nun plan de choque contra o fracaso escolar.
- 13.** Incluír no convenio de colaboración que o Concello ten coa Federación de ANPAS talleres de saúde mental, de educación emocional e de relacións interpersoais saudables dirixidos ao alumnado dos centros de ensino públicos.
- 14.** Crear un espazo de mediodía nos comedores escolares co fin de asegurar a formación en resolución de conflitos e convivencia en liña co plan de convivencia do centro velando pola infancia e adolescencia con necesidades especiais para que non quede excluída e poidan gozar das actividades do mediodía.



## 6.4. UNIVERSIDADE, INNOVACIÓN, CIENCIA E COÑECEMENTO

1. Plan Coruña ConCiencia: reforzar a cooperación entre o Concello e a Universidade para a divulgación, a experimentación, o apoio á investigación, a cultura científica, a ciencia cidadá e a promoción do coñecemento en todas as idades, contando co ecosistema científico desde as humanidades até a intelixencia artificial e a análise de datos.
2. Integración da comunidade universitaria no futuro da Coruña, nunha dobre vertente: producir investigacións e estudos que se centren en retos de cidade coma a vivenda, a mobilidade ou a produción de renovables en zonas urbanas; ao tempo que se lle dá visibilidade a este traballo e se apoia o retorno e captación de talento de persoal investigador.
3. Crear unha liña dos Premios Prisma para proxectos de investigación centrados na cidade e financiar contratos de persoal investigador que traballe en proxectos beneficiosos A Coruña.
4. Contribuír a que o labor da Universidade Senior chegue a unha maior poboación.
5. Promoción da cultura científica para toda a veciñanza e con toda a veciñanza, en conexión coa arte e a cultura, con maior presenza da divulgación e con iniciativas coma os living labs ou a ciencia cidadá, entre outras propostas.
6. Fomento da iniciativa tecnolóxica pública iniciando e acompañando accións de innovación que melloren a calidade de vida da cidadanía por abordar problemas sociais reais dunha forma responsable, ética e transparente. Especificamente a través da colaboración en diferentes retos vinculados a sectores concretos como o emprego, a mobilidade e o medio ambiente.
7. Ampliación das actividades nos Museos Científicos para contribuír á divulgación do coñecemento: debates, ciclos de cine, fomento do pensamento crítico, eventos que conecten a ciencia e as artes, enfoques humorísticos, etc.
8. Creación dun consello asesor e consultivo que axude a deseñar esta nova programación, con presenza de profesionais, representantes da Universidade e asociacións relacionadas coa divulgación. Tamén impulsaremos á relación dos Museos Científicos coa UDC e o MUNCYT.

## 6.5. INFANCIA

1. Converter A Coruña nunha Cidade Amiga da Infancia, poñendo no centro os dereitos da infancia.
2. Habilitar zonas de xogo protexidas da chuvia e do sol, tanto en exterior coma no interior de equipamentos.
3. Facer os Centros Cívicos aptos para nenas pequenas: habilitar salas de xogo, pintura, etc, preparar salas nas que se permita levar comida, abrir os domingos.
4. Creación dunha oficina dedicada á prevención do abuso sobre a xuventude e menores que se coordine con centros educativos, servizos sociais, entidades sociais e as áreas básicas de saúde para deseñar políticas de Protección e Bo Trato á infancia e adolescencia.
5. Promover campañas de sensibilización para a tolerancia cero cara a todo tipo de violencia á infancia e adolescencia.
6. Campaña de sensibilización sobre nenos, nenas e adolescentes como suxeitos de dereito.
7. Incentivar a participación da infancia e a adolescencia en programas que conecten a realidade entre o global e o local.
8. Poñer especial atención á infancia xitana nas políticas públicas municipais.
9. Ampliar a programación cultural dirixida á infancia, favorecendo o acceso á cultura independentemente do poder adquisitivo das familias.
10. Programación de actividades deportivas adaptadas ás necesidades e características da infancia cunha variedade ampla en deportes e opcións a escoller.

## 6.6. MOCIDADE

1. Propoñer espazos de co-creación e participación democrática para mozos e mozas sobre ámbitos do seu interese: deporte, lecer, vivenda, ocupación, equipamentos, etc.
2. Explorar procesos de innovación democrática con adolescentes e xente moza para mellorar as súas vidas e a cidade, apoiándoos con recursos municipais.
3. Propoñer conxuntamente coa mocidade novos modelos de ocio diversos, saudables e inclusivos, poñendo a disposición as instalacións necesarias, coma as Naves do Metrosidero, centros cívicos, etc. Reforzar e diversificar

o programa Nocturnia incorporando as propostas de mozos e mozas.

4. Incorporar a mocidade e o estudiantado aos consellos municipais de saúde, igualdade, inclusión, etc.
5. Facerse cargo dende o Concello do seguro de responsabilidade civil das asociacións xuvenís.
6. Poñer a disposición do asociacionismo xuvenil espazos de traballo axeitados e compartidos con outras entidades para xerar sinerxías.
7. Negociar coa Xunta, a Deputación e a Universidade da Coruña a ampliación de prazas en residencias públicas de estudantes.
8. Incorporar a xente moza nos colectivos prioritarios á hora de recibir unha vivenda da bolsa de aluguer promovida pola Empresa Municipal de Vivenda (EMVSA).
9. Ampliar a oferta de festivais de novos deportes e artes urbanas coma o Street Games a outras tendencias coma o cosplay, videoxogo, etc.

## 6.7. ENVELLECIMIENTO ACTIVO

1. Poñer en valor a idade e a experiencia, para evitar a estigmatización das persoas maiores e o idadismo e superar os estereotipos por razón de idade.
2. Ceder solo municipal, a través dun concurso público, para que cooperativas de iniciativa social e sen ánimo de lucro poidan construír vivendas colaborativas para persoas maiores, o chamado cohousing sénior.
3. Acompañar as persoas maiores na adquisición de habilidades no manexo de internet e as novas tecnoloxías, para minimizar a fenda dixital e facilitar o acceso online aos servizos municipais.
4. Organizar actividades interxeracionais de transmisión de habilidades: cultivo nas ecohortas, gastronomía, bricolaxe, internet, música.
5. Aumentar a oferta de actividades deportivas para persoas maiores.
6. Creación dun Consello Municipal de Maiores, para aproveitar a súa experiencia no deseño de políticas públicas e proxectos de cidade.
7. Reforzar a instalación de mobiliario urbano de descanso e acondicionar lugares de estancia e relacións no espazo público.

## 6.8 ACTIVISMOS E ENTIDADES


1. Incrementar o número de locais municipais cedidos ás entidades da cidade, fomentando o seu uso compartido para optimizar os recursos e fomentar a colaboración entre asociacións diferentes
2. Convocar a cesión de uso de locais municipais a entidades con criterios públicos e obxectivos.
3. Implementar unha oficina municipal de apoio e asesoramento ao asociacionismo e a grupos informais con iniciativas cidadás polo ben común, para asesorarse e recibir acompañamento para solicitar axudas, convenios, participación en proxectos, desenvolvemento de ideas, etc.
4. Crear unha Caixa de Recursos para as entidades da cidade co material necesario para apoialas no desenvolvemento das súas actividades.
5. Simplificar o proceso de reserva de espazos municipais para as asociacións.
6. Ofrecer formación ás asociacións en temáticas relacionadas co seu traballo diario (tesourería, captación de fondos, normativa, etc.).
7. Fomentar o traballo en rede e a coordinación entre as entidades do terceiro sector.
8. Desenvolver unha plataforma virtual áxil para mellorar a tramitación das subvencións municipais.

## 6.9. BENESTAR ANIMAL E TENZA RESPONSABLE

1. Impulsar unha Cidade Amigable cos Animais creando unha rede de espazos de convivencia, xogo e coidados dos animais.
2. Implementar proxectos piloto de praias para cans no núcleo urbano, identificando areas ou parte deles nos que os cans podan acudir sen correa tamén en época estival.
3. Sensibilización arredor da tenza responsable, da loita contra o maltrato animal e do coidado do espazo público.
4. Converter a canceira municipal nun foco de políticas de benestar animal (campañas de adopción, identificación, etc.) e de colaboración cos colectivos cidadáns nun novo modelo de xestión pública.
5. Fomentar a naturalización urbana e a creación de biótopos de proximidade

- (estanques, charcas, xardíns con especies melíferas, hoteis de insectos, etc.) para incrementar a biodiversidade e o estudo da fauna silvestre.
6. Campañas activas para a mellora da convivencia entre os animais de compañía e a fauna salvaxe en hábitats naturais e seminaturais.
  7. Recuperar a xestión colaborativa das colonias felinas coas asociacións protectoras e ampliála a máis lugares da cidade.
  8. Poñer en marcha un programa piloto de adopción de gatos para combater a soidade non desexada.
  9. Actualizar a ordenanza de Benestar Animal adaptándoa ao cambio cultural que tivo lugar e á nova lexislación.
  10. Instar á Xunta de Galicia a actuar fronte a cría ilegal de animais de compañía e os delitos de maltrato.

# BARRIOS QUE FAN CIDADE



## 7.1. NECESIDADES COMÚNS

1. Programas de mellora do espazo público:
  - A. Accesibilidade da mobilidade peonil en todos os barrios da cidade.
  - B. Intensificar as tarefas de mantemento dos espazos públicos dos barrios: limpeza, coidado de zonas verdes, pavimentos, mobiliario urbano.
2. Impulso das axudas á accesibilidade para a instalación de ascensores nos edificios.
3. Poñer en valor os mercados municipais, importantes equipamentos da cidade que prestan un servizo público imprescindible á hora de vertebrar socialmente a cidade conformada en barrios con gran percorrido histórico.
4. Fomento de Usos Provisionais: poñer a dispor da cidadanía os terreos sen urbanizar para revitalizalos a través de usos provisionais. Trátase de terreos abandonados polas promotoras que forman parte dos plans de desenvolvemento do PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) e levan décadas sen uso, xerando problemas de inseguridade e insalubridade. Mediante usos provisionais poden transformarse en zonas de lecer para a poboación, parques infantís, aparcadoiros disuasorios, hortas urbanas, etc.
5. Impulsar programas que poñan en valor a identidade cultural dos barrios a través de axudas ao pequeno comercio e a inclusión de todos os barrios da cidade en circuitos culturais e deportivos.
6. Mellora das conexións co transporte público, Bicicoruña e percorridos peonís.
7. Impulsar o programa Mover os Baixos para a activación da planta baixa da cidade e o seu comercio de proximidade, con tres medidas:
  - A. Adquisición de locais comerciais por parte do Concello, para poñelos a disposición de entidades, prestar servizos ás persoas, etc.
  - B. Crear unha bolsa de aluguer de locais comerciais a prezo taxado.
  - C. Subvencionar a implantación de iniciativas de interese social en locais vacantes.
8. Regular as vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos para evitar que compitan coas persoas que procuran residencia habitual.
9. Manexo profesional do arboredo e naturalización dos barrios.
10. Incorporar parques infantís de 6 a 12 anos e para maiores de 12 anos, ademais das áreas infantís maioritarias para a franxa de idade de 0 a 5 anos. Acollelrán áreas de xogo infantil accesibles e inclusivas, ao alcance de todos os nenos e nenas independentemente das súas capacidades.

## 7.2 PROPOSTAS DESTACADAS POR BARRIOS





## CIDADE VELLA

1. Plan de dinamización da Cidade Vella que contemple medidas de rexeneración urbana para completar a peonización iniciada en 2018, que recolla a rehabilitación de inmobles, impulso do comercio de proximidade e programas de atención social.
2. Implementar programas sociais orientados ás necesidades das persoas maiores que viven no barrio, comezando pola recuperación do punto de atención social que foi eliminado no centro cívico en setembro de 2019.
3. Abordar a Modificación Puntual do PEPR (Plan Especial de Protección e Reforma Interior) para protexer o espazo público e o patrimonio arqueolóxico da Maestranza. Suprimir o uso residencial previsto nun dos últimos espazos abertos da Cidade Vella, destinando as parcelas a espazo dotacional verde.
4. Protección e salvagarda do sistema defensivo da Cidade Vella.
5. Proxecto Eirón: parque infantil nun espazo singular sobre as murallas da Cidade Vella, concibido nun proceso participativo con nenos e nenas, vinculado á Fundación Luis Seoane.
6. Contar coa participación da veciñanza para a definición da proposta de usos que se vai desenvolver no equipamento municipal da Veduría.
7. Crear unha oficina de axudas á rehabilitación do Concello en ámbito PEPR (Plan Especial de Protección e Reforma Interior), concretamente no barrio da Cidade Vella.
8. Pór en valor o lousado histórico das rúas da Cidade Vella, únicas na urbe, abordando os traballos de mantemento que sexan necesarios dende o absoluto respecto pola configuración das valiosas e únicas pezas de lousa granítica que o compoñen.
9. Incorporar ao catálogo do PEPR o sistema construtivo, morfoloxía e elementos do lousado histórico das rúas da Cidade Vella.
10. Plan de mantemento específico dos xardíns históricos de San Carlos, Azcárraga e Bárbaras. Coidado e reposición das pezas de mobiliario e ornamentais.
11. Activar programas de mobilización forzosa de edificacións e soares baleiros.
12. Regulación de vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos.

## MONTE ALTO-ZALAETA

1. Realizar melloras da accesibilidade e a mobilidade peonil en todo o barrio (Plan de mellora do espazo público), e de maneira urxente na rúa Marconi e o cruzamento coa rúa Mondoñedo.
2. Realizar regularmente o mantemento dos parques e das zonas verdes do barrio de Monte Alto, nomeadamente do Campo de Marte e o parque Carlos Casares.
3. Rematar o proxecto do mercado e reurbanización da praza de Monte Alto. Por unha banda, actuar na rexeneración dun espazo público no corazón dun barrio singular e simbólico. Por outro, posta en valor dos mercados municipais como servizos públicos dos barrios.
4. Mellora peonil no espazo Avenida Hércules/Praza do Mercado con máis pasos de peóns e máis espazo para a manobra dos autobuses urbanos.
5. API (Área de Planeamento Incorporado) da Agra de Santo Amaro: posta ao dispor da cidadanía dos terreos sen urbanizar a través do Plan de Usos Provisionais.
6. Contorna escolar segura do CEIP Zalaeta, reurbanización e ampliación da beirarrúa lindeira ao centro na rúa Curros Enríquez e renaturalización do patio escolar.
7. Dotar o barrio de Monte Alto de máis estacións de Bicicoruña, concretamente á altura da Domus e na praza do Mercado de Monte Alto.
8. Retomar as negociacións co Estado e a Sociedade de Equipamentos Penitenciarios (SIEPSE) para conseguir que o antigo cárcere lle sexa cedido ao Concello nunhas condicións xustas para destinalo a espazo dotacional socio-cultural.
9. Proxecto de recuperación das vellas cocheiras de tranvías, espazo de titularidade municipal, para acoller eventos socioculturais a escala de barrio e a escala de cidade.
10. Regulación de vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos.

## DURMIDEIRAS

1. Abordar unha modificación do PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) que impida a construción de novos volumes edificatorios na contorna de protección da Torre de Hércules.
2. Implementar unha mellora da accesibilidade ao barrio tras un estudo de alternativas, para conectar a rotonda da praia de Santo Amaro coa avenida de Navarra a través de alternativas eficaces aptas para persoas de mobilidade reducida.
3. Incrementar as frecuencias e percorridos das liñas de bus urbano que pasan polo barrio.
4. Adoptar as medidas precisas para un mellor aproveitamento do mercado

municipal recentemente rehabilitado que ofrezca máis servizos á veciñanza: alimentación e produtos básicos, pe-rruquería, espazos de reunión e actividades, etc.

5. Mellorar os servizos de mantemento dos pavimentos, o arboredo, as zonas verdes e o alumado, entre outros, para gañar calidade para o espazo público.
6. Eliminar as plantas invasoras que van colonizando a canteira de Durmideiras

e outras zonas do barrio antes de que sexa inviable a súa erradicación.

7. Incluir o barrio de Durmideiras dentro dos circuítos culturais e deportivos da cidade.
8. Estudar as posibilidades de levar a cabo proxectos piloto de comunidades enerxéticas, compostaxe comunitaria e outros sistemas de colaboración público-comunitaria.

## PESCARÍA

1. Rematar o proxecto de vivenda social en Pontejos, que pon en valor o patrimonio histórico dotando de vivenda social o centro histórico cun proxecto singular.
2. Recuperación da trama histórica co impulso da rehabilitación desde a iniciativa pública como no caso de Pontejos.
3. Novena fase de axudas á rehabilitación da ARRU (Área de Rehabilitación e Rexeneración Urbana) de Cidade Vella e Pescadería. Impulsar axudas para a

mellora da accesibilidade e a instalación de ascensores.

4. Regulación de vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos.
5. Impulsar programas que poñan en valor a identidade cultural e axudas ao pequeno comercio.
6. Rede de itinerarios peonís e ciclables alternativos aos circuítos turísticos.
7. Reforma da rúa Panadeiras: ampliación de beirarrúas e circulación de vehículos nun único carril, dirección Orzán.

## ENSANCHE-FALPERRA

1. Executar o proxecto de remodelación do centro de saúde e mercado Inés de Castro (Santa Lucía) e contorna.
2. Impulsar o programa Mover os Baixos para a activación da planta baixa da cidade e do comercio de proximidade.

3. Reurbanización da Rúa Pla y Cancela: pavimentos, beirarrúas, ordenación do aparcamento e arboredo.
4. Repavimentación de beirarrúas en todo o barrio.
5. Elaborar un plan de arboredo e coidado de zonas verdes.

## OS MALLOS-A SARDIÑEIRA-CATRO CAMIÑOS

1. Proxecto de reurbanización da contorna do Centro Cívico dos Mallos.
2. Acondicionamento e protección da Agra dos Mallos.
3. Crear novos accesos á Intermodal na avenida da Sardiñeira.
4. Impulsar o programa Mover os Baixos para a activación da planta baixa da cidade e do comercio de proximidade.
5. Contar coa participación da veciñanza para a proposta de utilización da estación de autobuses cando abandone o seu uso en favor da nova estación Intermodal.
6. Poñer en uso as novas dependencias municipais na Fábrica de Tabacos.

## BARRIOS DA PARROQUIA DE ELVIÑA

### SAN VICENZO DE ELVIÑA

1. Novos proxectos de reurbanización e posta en valor do espazo público que se xera nos cruces priorizando os percorridos peonís nunha zona onde o coche segue a ter demasiado protagonismo.
2. Posta en valor do camiño histórico de Sarmelos a través dun proxecto de reurbanización e mantemento.
3. Nova fase de axudas da ARRU (Área de Rehabilitación e Rexeneración Urbana) de Elviña para 2023, área de rehabilitación declarada pola Marea Atlántica en 2015.
4. Instalar Bicicoruña e rede ciclable de conexión cos campus universitarios da Zapateira e de Elviña.
5. Proposta de parque metropolitano no castro de Elviña.

### NOVO MESOIRO

1. Mellorar a conectividade do barrio co resto da cidade, os grandes nodos de interese e a súa contorna, mediante o cambio do mapa de liñas de autobús.

2. Rede ciclable de saída e entrada ao barrio e distribución de estacións de Bicicoruña.
3. Ceder un local municipal (Ribeira Sacra, 21) para oficina postal propia no barrio.
4. Impulsar a actividade dos espazos TEU da rúa Ribeira Sacra.
5. Crear a Biblioteca Municipal en Novo Mesoiro.

## FEÁNS

1. Solicitud de titularidade da vía provincial DP-0512 que articula o barrio e que está a sufrir un aumento de tráfico moi elevado para abordar un proxecto de humanización e pacificación da vía.
2. Senda fluvial ao longo do río de Feáns.
3. Executar o proxecto do Bosque de Breogán acordado coas entidades veciñais de Feáns e Urbanización Breogán na extensión prevista inicialmente.
4. Proxecto de mellora do centro cívico de Feáns, así como a cubrir a entrada deste equipamento público para que a veciñanza poida resgardarse os días de choiva.
5. Medidas de control para o cumprimento dos sinais de mobilidade en todo o barrio de Feáns, especialmente os de límite de velocidade e os de dirección prohibida das rúas Convento e Laxe.

## MATOGRADE

1. Control sobre o proxecto de ampliación de Alfonso Molina nas posibles afectacións sobre o barrio.
2. Mellorar as conexións en relación a liñas e frecuencias do servizo de autobús municipal.
3. Conexión accesible peonil e ciclable entre o barrio de Matogrande e o barrio de Xuxán.

## PALAVEA-SANTA XEMA-PEDRALONGA

1. Senda fluvial entre Santa Xema e o río de Quintas no barrio de Palavea.
2. Instalar a horta urbana (Ecohorta) no barrio de Palavea como un proxecto de fomento de lecer interxeracional e comunitario.
3. Proxecto de recuperación das instalacións deportivas e de lecer da Fábrica de Armas, coa participación no seu deseño do grupo de traballo da Comisión Informativa das TIC e das asociacións presentes na Plataforma da Fábrica de Armas para a súa apertura

aos barrios de Palavea, Santa Xema e Pedralonga.

4. Esixir á empresa pública de Correos que abra unha oficina postal no barrio.
5. Espazo TEU para o encontro e lecer da veciñanza, e especialmente da mocidade, e pistas deportivas mentres non se habiliten as da Fábrica de Armas.
6. Creación dunha biblioteca municipal na futura cidade das TIC.
7. Estación de Bicicoruña no barrio de Palavea, creando carrís bici e sendas ciclables, incorporando estes obxectivos ás futuras conexións da Cidade das TIC e á humanización da avenida Alfonso Molina. Renovación da pasarela de Palavea para adaptala ao uso da bicicleta.
8. Resolver a situación xurídica das vivendas Epamar en Palavea, co fin de poder integrar as mesmas no parque de vivenda social da Empresa Municipal de Vivenda (EMVSA).
9. Desenvolver todas as accións que sexan precisas para mellorar a mobilidade peonil e a seguridade viaria no barrio de Palavea.
10. Instalación de paneis informativos dixitais nas paradas de buses e abordar, dentro da reorganización das liñas de autobuses, a mellora nos tempos e frecuencias das liñas 1A, 22 e 20, así como establecer algunha parada nova entre Palavea, Eirís e Pedralonga.

## A ZAPATEIRA

1. Area de xogos na rúa Maastricht.
2. Creación dun centro cívico no barrio da Zapateira.
3. Proxecto de reurbanización na zona das Revoltas.
4. Aumento das liñas de bus ao barrio, concretamente nas zonas Valaire e O Carón.
5. Completar a rede de saneamento e separativa.

# BARRIOS DA PARROQUIA DE OZA

## O CASTRILLÓN

1. Novo espazo público nos terreos municipais que conectan as rúas Hernansáez e Concordia en base ás ideas da veciñanza do Castrillón.
2. Adaptar á legalidade vixente a edificabilidade do polígono de Fariña Ferreño, Área de Planeamento Incorporada do PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) de 1998, con criterios obsoletos para o urbanismo sostible do século XXI.
3. Mellorar a accesibilidade do centro de saúde do Castrillón, a través dun ascensor e dunha pasarela.
4. Plan de Usos Provisionais nos terreos abandonados polas promotoras que forman parte do plan de desenvolvemento do PXOM e levan décadas sen uso xerando problemas de inseguridade e insalubridade. Concretamente no polígono de Fariña Ferreño e a API (Área de Planeamento Incorporado) do parque de Oza. Estes usos provisionais transformarán os terreos abandonados en zonas de lecer para a poboación, parques infantís, aparcadoiros disuasorios, hortas urbanas, etc.

## EIRÍS

1. Recuperar e potenciar o trazado do Camiño Inglés no seu paso polo barrio.
2. Integrar os núcleos rurais no conxunto do barrio poñendo en valor a súa singularidade.
3. Protección e salvagarda do parque de Eirís polas afeccións dos accesos ao novo CHUAC en trámite.
4. Proxecto de conexión e tratamento de espazos públicos no que ten que ver coa transición do núcleo tradicional de Eirís coa nova urbanización do barrio de Xuxán.
5. Roza da vexetación e limpeza dos camiños nas parcelas abandonadas, incluíndo a retirada de plumachos.
6. Mellorar a accesibilidade peonil e para persoas de mobilidade reducida: ampliar beirarrúas, mellorar a seguridade dos pasos de peóns (rúa Calexa) e mellorar a seguridade viaria á saída do Lidl.
7. Saneamento no Foxo.
8. Completar frecuencias e percorridos do bus urbano, coordinando os barrios de Eirís e de Xuxán.
9. Conservación do Castelo de Eirís e da Fonte dos Caños.

## AS XUBIAS

1. Control dos necesarios accesos ao novo Hospital da Coruña (CHUAC), co obxecto de que a reformulación da mobilidade non supoña unha agresión ao núcleo protexido das Xubias, ao Pazo de Guyatt, e en definitiva a todo o bordo litoral da ría do Burgo e ao seu valor paisaxístico e patrimonial.
2. Mellora das conexións co resto da cidade, tanto peonís, ciclables como de autobús urbano, mellorando frecuencias e liñas.
3. Rede ciclable metropolitana pola costa que conecte o núcleo das Xubias co da praia de Oza e o resto da contorna.

## OZA-A GAITEIRA-OS CASTROS

1. Conexión carril bici en San Diego coa creación dun novo carril bici metropolitano pola liña de costa.
2. Proxecto de mobilidade vertical dando continuidade ao ascensor dos Castros para salvar un desnivel importante de conexión coa escola infantil municipal e o centro de saúde.
3. Modificación Puntual da API (Área de Planeamento Incorporado) da Ría do Burgo para supresión de edificabilidade residencial no polígono de Estaleiros Valiña pola súa proximidade á praia de Oza.
4. Oposición á instalación da planta de tratamento de residuos oleosos no peirao de Oza.
5. Estudo para contemplar o porto de San Diego como oportunidade para mellorar a mobilidade metropolitana. Neste sentido, estudar a posibilidade de abordar a instalación dunha terminal marítima de conexión metropolitana.
6. Petición da cesión gratuíta da Capela de Oza para que a titularidade sexa do Concello e poida ser destinada a espazo dotacional sociocultural.
7. Adquirir a casa modernista (1925) do nº 132 da Avenida de Oza para adicala a centro xuvenil.
8. Corrección de desperfectos no Parque Europa.
9. Peonalización da Rúa Nicomedes Pastor Díaz.
10. Consulta á veciñanza sobre os usos nos peiraos que serán liberados en San Diego.

## MONELoS-ELVIÑA SEGUNDA FASE

1. Proxecto de renovación completa da bancada do campo de fútbol Víctor Fernández Alonso que inclúa a mellora do local social da Asociación de Veciños Monelos-Fonte das Paxariñas, que se atopa situado baixo a bancada.



2. Proxecto integral de accesibilidade na rolda Camilo José Cela. Conexión entre o barrio das Flores e o mercado de Elviña na Avenida Salvador de Madariaga, a maior fronteira en relación á accesibilidade peonil de dous barrios da cidade, mellorando o acceso tamén aos centros de ensino: Colexio Ramón

de la Sagra, CEIP María Pita, IES Ramón Otero Pedrayo.

3. Contorna escolar segura no IES Alborada, reurbanización e ampliación de beirarrúas en toda a contorna e renaturalización dos espazos públicos.

## BARRIO DAS FLORES

1. Executar o Plan Director de Rehabilitación Integrada do barrio das Flores que coordine as urxentes intervencións de rehabilitación, rexeneración e mellora do espazo público do barrio.
2. Xestionar e executar as axudas á rehabilitación froito da declaración de Contorna Residencial de Rehabilitación Programada, dentro do establecido no Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os programas

de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Ata que non se aborde o Plan Director, reforzar o mantemento e coidado dos espazos públicos do barrio ante as numerosas deficiencias.
4. Estación de Bicicoruña e mellora de frecuencias e liñas de bus en xeral.

## XUXÁN

1. Mobilizar solo municipal para dotar á cidade de 250 vivendas de aluguer asequible en Xuxán: as 50 vivendas xa comprometidas no 2018 e 200 máis nas catro parcelas do Concello mediante a promoción pública.
2. Convenio de planeamento e xestión urbanística coa Xunta para destinar parcelas de uso terciario propiedade do IGVS (Instituto Galego de Vivenda e Solo) a uso residencial de parque público de vivendas destinado a alugueiro social.
3. Construír un equipamento interxeracional que combine escola infantil con

centro de día nos solos de titularidade municipal de dotacións.

4. Proxecto de conexión co resto de barrios da contorna, desde a transición da urbanización de Xuxán cos núcleos tradicionais de Eirís e Elviña, ata a accesibilidade directa co barrio de Mato grande.
5. Estudar a creación dun Mercado Municipal de Abastos en Xuxán.

# BARRIOS DA PARROQUIA DAS VIÑAS

## O BIRLOQUE-O MARTINETE-SAN CRISTOVO DAS VIÑAS

1. Proposta integral de accesibilidade: percorrido peonil e ciclable seguro e accesible que conecte os puntos singulares do barrio e o enlace ademais co resto de barrios da contorna.
2. Parque Cidade e restauración do río Monelos.
3. Melloras no transporte público en canto a frecuencias das liñas 5 e 21 e estudo da conexión directa do aparcadoiro disuasorio de Lonzas cos polígonos de Agrela e Pocomaco e o centro da cidade.
4. Dotar o aparcadoiro disuasorio de Lonzas dun acceso peonil seguro.
5. Plan de arboredo en todo o barrio, concretamente na rúa Mozart, Universidade, inicio da rúa Glasgow e Juan Darriba.
6. Paso seguro dos peóns baixo a ponte da vía do tren na estrada DP-0512 no Martinete.

## A SILVA-CANCES-A MOURA-PENAMOA

1. Plans de mellora do espazo público. Realizar melloras da accesibilidade e da mobilidade peonil nos núcleos tradicionais da Silva, Cances, A Moura e Penamoa.
2. Mellora da contorna do centro cívico da Silva.
3. Estabelecer en todos estes núcleos "zona 30" de especial protección ás e aos peóns.
4. Senda fluvial no río de Cances.
5. Recoñecemento da realidade identitaria destes núcleos tradicionais de orixe agraria, poñendo en valor o seu potencial a través de hortas urbanas e programas relacionados co impulso dos valores ecosociais da práctica hortícola.

## SOMESO

1. Dotar o barrio dos servizos básicos aos que a súa veciñanza ten dereito, como servizos de limpeza, mantemento e arranxo de beirarrúas, coidado xeral do espazo público e colocación de mobiliario urbano, parques infantís, etc. Neste sentido, ordenar á Xunta de Compensación do Sector 7 o cumpri-

mento efectivo de todos os acordos da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2021, adoptando no seu defecto as medidas de execución coercitiva e forzosa, incluíndo, no seu caso, a execución subsidiaria polo Concello das obras de urbanización pendentes, a cargo das garantías e da propia xunta de promotores, conforme ao previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016.

**2.** Integrar a barrio de Someso na oferta cultural da Coruña, coas súas propias festas e presenza na programación cultural municipal.

**3.** Dotar o barrio dunha estación de Bicicoruña e mellorar o mantemento e estado da rede ciclable existente.

## VIOÑO-SAGRADA FAMILIA

**1.** Habilitar os baixos lindeiros coa Biblioteca Municipal da Sagrada Familia co obxecto de poñelos á disposición do espazo "A Eira" e desenvolver o proxecto de innovación bibliotecaria e participación cidadá vencellado ao mesmo.

**2.** Creación dun punto do CMIX (Centro Municipal de Información Xuvenil) no barrio con información xeral para a mocidade e tamén asesoramento en cuestións de igualdade e non discriminación.

**3.** Plans de mellora do espazo público. Realizar melloras da accesibilidade e da mobilidade peonil nos barrios de Sagrada Familia e Vioño.

**4.** Peonalización da rúa Sagrada Familia para completar a rolda peonil que conecte o parque do Observatorio co parque de San Diego.

**5.** Construción dunha Escola Infantil en Vioño nos solos de titularidade municipal de dotacións.

## BARRIOS DA PARROQUIA DE VISMA

### SAN PEDRO DE VISMA-OS MARIÑEIROS

**1.** Plans de mellora do espazo público. Realizar melloras da accesibilidade e

da mobilidade peonil no núcleo tradicional de San Pedro de Visma.

2. Estabelecer en todo o núcleo de San Pedro de Visma "zona 30" de especial protección ás e aos peóns.
3. Suspensión de licenzas no ámbito do SURT-1, extensible ao proxecto de urbanización en trámite, co obxecto de estudo para a Modificación Puntual do Plan Parcial de dito sector en atención das demandas dos residentes dos barrios do Ventorrillo, A Silva, San Pedro de Visma, Agra do Orzán e Os Mariñeiros.
4. Incorporación da Viaxe de Visma ao catálogo de elementos protexidos do PXOM.
5. Incluír no proxecto de urbanización do Plan Parcial de Ordenación SURT-1, San Pedro de Visma (sector 2) as Ecohortas

da Agra do Orzán na mesma localización na que se atopan na actualidade, na zona verde central da urbanización Z1-EL4, actualmente en funcionamento con 118 parcelas públicas que dan servizo a un gran número de usuarios e usuarias da área con grandes beneficios psicosociais para as mesmas.

6. Recuperación e posta en valor de todas as fontes e mananciais da contorna de San Pedro de Visma e Mariñeiros.
7. Evitar que os camións procedentes da depuradora de Bens teñan que atravesar o barrio de Visma gracias a apertura dun novo viario entre a Estación Depuradora de Augas Residuais (Edar) Bens e estrada da refinería.

## AGRA DO ORZÁN-VENTORRILLO

1. Apertura para o acceso ao uso público do parque do Observatorio, un dos escasos espazos libres do barrio da Agra do Orzán, atendendo á demanda histórica dos veciños e veciñas. Modificación do PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) para que sexa un parque aberto á cidadanía.
2. Plan de mantemento de beirarrúas para facilitar a accesibilidade na Avenida das Conchiñas, a contorna da rúa Vila de Cee e outros espazos do barrio, así coma unha solución inmediata para as escaleiras do Camiño do Pinar, no Peruleiro, que agora son unha barreira insalvable para as persoas con mobilidade reducida.
3. Corredores peonís seguros que conecten centros educativos e lugares de lecer.
4. Conservar e impulsar as Ecohortas da Agra do Orzán, que se atopan en solo de titularidade municipal.
5. Programas de intervención social e convivencia, para mellorar a convivencia nos barrios.
6. Plans de arboredo e naturalización de microespazos dos barrios da Agra do Orzán e Ventorrillo.
7. Humanización da rúa Pascual Veiga e a Avenida do Peruleiro.
8. Propoñer unha solución para salvaguardar as zonas peonís da ocupación por coches na praza das Conchiñas e no cruzamento da Vila de Negreira.
9. Coidar o mantemento dos xardíns da praza do Comercio e prestar asistencia

para a boa convivencia dos veciños e veciñas residentes.

## CIDADE XARDÍN-RIAZOR

1. Plans de mellora do espazo público. Realizar melloras da accesibilidade e da mobilidade peonil en toda a contorna da Cidade Xardín-Riazor.
2. Conexión do barrio da Agra do Orzán e Cidade Xardín-Riazor a través da escaieira do parque do Observatorio. Apertura dos muros da rúa Canceliña e rúa Gregorio Hernández.
3. Regulación de vivendas turísticas, de uso turístico e apartamentos turísticos en toda a contorna do barrio de Riazor.
4. Estudo da posta en uso dos baixos do paseo de Riazor para aloxar un centro cívico inexistente en el ámbito.

## LABAÑOU-CIDADE ESCOLAR-SAN ROQUE DE FÓRA

1. Converter As Percebeiras nun espazo libre para a veciñanza de Labañou.
2. Darlle continuidade ao trazado do carril bici ata chegar á Escola Oficial e Idiomas e á UNED, para facilitar o acceso do estudantado.
3. Pacificar o tráfico, sobre todo na Avenida de Gran Canaria, a Rolda de Outeiro e a súa contorna.
4. Aumentar a oferta cultural e ofrecer novas actividades de ocio e lecer para a mocidade, tanto nas pistas deportivas do barrio coma a través do programa Nocturnia.
5. Mellorar as condicións de salubridade do local da Asociación de Veciños, que nestes momentos carece de rede de saneamento separada entre augas pluviais e fecais.
6. Recuperar Educación en Rúa, unha iniciativa que permitiu mellorar a convivencia no barrio.

## OS ROSAIS

1. Dotar de locais ás entidades veciñais e sociais do barrio.
2. Espazo TEU no barrio, que o Concello da Coruña pon a dispor da cidadanía para o seu uso público, aberto e múltiple.
3. Mellora do pavimento e renaturalización da praza Elíptica.
4. Realizar regularmente o mantemento dos espazos públicos na contorna do barrio dos Rosais.

5. Rematar a urbanización integral do camiño do Cura.

## NOSTIÁN-AGRELA-BENS-O PORTIÑO

1. Mellorar a conexión entre os polígonos de Agrela-Bens.
2. Conexión dos polígonos con todos os barrios da cidade a través do transporte urbano colectivo.
3. Ampliar o punto limpo.
4. Plans de mellora do espazo público. Realizar melloras da accesibilidade e da mobilidade peonil en toda a contorna do polígono da Agrela.
5. Realizar regularmente o mantemento dos espazos públicos.



